

**GUÍA DE
RECURSOS,
APOIO
E ASISTENCIA Á**

MATERNIDADE



XUNTA DE GALICIA



1. Permisos

Permiso de maternidade	1
Permiso de paternidade	4
Risco durante o embarazo e lactación natural	7
Redución da xornada laboral por lactación	9
Redución da xornada laboral por coidado de menores e outros familiares	10
Redución da xornada laboral por coidado de menores afectados por cancro ou por calquera outra enfermidade grave	12
Outros permisos	14

2. Excedencias

Excedencia por coidado de fillos/as ou menores en réxime de acollemento	15
Excedencia por coidado de familiares	17

3. Prestacións, axudas e beneficios fiscais

ÁMBITO ESTATAL

Prestación económica por parto ou adopción múltiple	19
Prestación económica por nacemento ou adopción de fillas ou fillos, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade	22
Prestación económica familiar por filla, fillo ou por acollemento dunha ou dun menor a cargo	25
Prestación económica familiar por fillas e fillos ou menores ao cargo con discapacidade	27
Prestación económica por coidado de menores afectadas/os por cancro ou outra enfermidade grave	29
Axuda por non aboamento de pensión de alimentos en situacións de separación ou divorcio	31
Dedución por maternidade	33
Deducións familiares por descendentes no IRPF	35

ÁMBITO AUTONÓMICO

Prestación económica por fillas e fillos menores de 3 anos	37
Axuda á conciliación da vida familiar para traballadores con redución de xornada laboral	39
Cheque infantil	42
Axuda económica da liña Concilia do programa Emega	45
Axudas ás familias numerosas	47
Carné familiar galego	51
Axuda económica de pagamento único destinadas a mulleres vítimas de violencia de xénero	53
Indemnización de pagamento único destinadas a mulleres vítimas de violencia de xénero	55
Axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero	57
Dedución por nacemento ou adopción de fillas ou fillos	60
Dedución por coidado de fillas ou fillos de ata tres anos de idade	62
Dedución por acollemento	64
Dedución por familia numerosa	65

4. Servizos e recursos

INFORMACIÓN

Portal web das familias galegas	68
Teléfono da muller: 900 400 273	69
Centros de información á muller (CIM)	71

RECURSOS SANITARIOS

Centros de saúde	72
Servizos de pediatría	73
Atención primaria	75
Medicina xeral de familia	76
Matronas	77
Orientación familiar	78

INFANCIA

Rede galega de escolas infantís	79
Medidas municipais de conciliación	82

ESPECÍFICAS

Gabinetes de orientación familiar	103
Puntos de encontro familiar	105
Rede galega de acollida para mulleres maltratadas	107
Programa de mediación familiar	110

OUTROS RECURSOS

Entidades sen ánimo de lucro con programas de apoio ás mulleres xestantes en Galicia	112
Residencias de tempo libre	123
Programa de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas	127
Programa Aluga	129

Presentación

O Parlamento galego, a través dunha iniciativa lexislativa popular, aprobou a Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada. No seu artigo 3, esta lei insta as administracións públicas de Galicia a informar á muller embarazada da existencia desta rede de apoio dende os distintos centros sanitarios, sociais e educativos e a que, co fin de acadar a máxima difusión desta información, a Xunta elabore unha *Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade*.

Cumprindo ese compromiso, presentamos esta Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade, que ten como obxectivo ser un instrumento de axuda para as mulleres embarazadas pero tamén para a sociedade en xeral, xa que a intención de esta Guía é a de constituír unha ferramenta útil e sobre todo integradora da información.

Especialmente, nestes intres no que o descenso demográfico estase convertendo nun grave problema estrutural para Galicia, queremos brindar con esta publicación o apoio á maternidade e a información sobre as axudas e recursos dos que dispoñen as mulleres e orientándolles polas distintas institucións competentes da Administración.

Agardo que esta Guía cumpra as expectativas de utilidade coas que foi concibida.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Presentación

A Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, establece no seu preámbulo que esta lei favorece a liberdade de elección para ser nai, sen que a lei cuestione ningunha opción alternativa ou diverxente, e favorécese tamén con esta lei a igualdade real de oportunidades, pois está orientada a que o embarazo non sexa un lastre para a inserción sociolaboral das mulleres, en igualdade de condicións cos homes e ao tempo favorece tamén a igualdade de inserción sociolaboral entre aquelas e aqueles que optan pola maternidade e pola paternidade, por unha banda, e entre aquelas outras persoas que tamén lexitimamente desbotan esa posibilidade, pola outra.

Esta lei incide na importancia da información, xa que a experiencia demostra que é precisamente a falta de información sobre a existencia de recursos o que, en moitos casos, lles impide ás mulleres acceder a estes, polo que as administracións públicas de Galicia deberán informar ás mulleres embarazada dos recursos e apoios establecidos nesta lei e dos que puidese beneficiarse para culminar a súa xestión. Co fin de conseguir a máxima difusión desta información, a Xunta de Galicia elaborará unha guía de recursos, apoio e asistencia que agora presentamos.

A Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade contén información básica sobre recursos, programas e axudas aos que poden acceder ás mulleres desde a acreditación do seu embarazo, e que ademais veñen a complementar as medidas que o Plan Integral de apoio á muller embarazada 2012/14 contempla nas súas diferentes áreas de actuación. Pretende ser unha ferramenta útil e de fácil manexo na que atopar información sobre os recursos de apoio existentes tanto a nivel estatal, autonómico e tamén local que poden ser de interese para as mulleres embarazadas. A información recollida comprende varias categorías: permisos e excedencias, prestacións, axudas e beneficios fiscais, e servizos e recursos con información básica sobre os mesmos e ligazóns que permitan obter información máis polo miúdo. Esta guía pode consultarse na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade: <http://igualdade.xunta.es>

Agardamos que esta guía de recursos lles sexa de utilidade ás mulleres, e tamén a todas e todos os profesionais que nos seus ámbitos de traballo (sanitario, educativo, servizos sociais, ...) e na súa labor de información o precisen.

Susana López Abella

Secretaría xeral da Igualdade

PERMISO DE MATERNIDADE



Que é?

É un período de descanso laboral que ten toda persoa traballadora nos casos de parto, adopción ou acollemento, sen perder os seus dereitos salariais nin laborais.



Que situacións dan dereito ao permiso de maternidade?

- Maternidade biolóxica.
- A adopción ou o acollemento, tanto o preadoptivo coma o permanente ou simple, por unha duración superior a un ano de:
 - a) menores de 6 anos,
 - b) maiores de 6 anos e menores de 18 con discapacidade ou con algunha dificultade especial de inserción social e familiar motivada por circunstancias e experiencias persoais, ou por vir do estranxeiro.
- A tutela sobre menor por designación de persoa física, cando o/a titor/a sexa un familiar que, de acordo coa lexislación civil, non poida adoptar ao menor, sempre que leve a convivencia entre o/a titor/a e o/a tutelado/a, nos mesmos termos de idade que o/a adoptado/a ou o/a acollido/a.



Que requisitos se deben cumprir?

Para percibir a prestación do permiso de maternidade hai que ser traballadora por conta propia ou allea, estar afiliada, en alta ou situación asimilada ao alta e atoparse ademáis ao día no pagamento das correspondentes cotas á Seguridade Social.

A solicitante da prestación deberá acreditar os seguintes períodos mínimos de cotización:

- Menores de 21 anos: non se esixirá período mínimo de cotización.

- Entre 21 e 26 anos de idade: o período mínimo de cotización esixido será de 90 días cotizados dentro dos 7 anos inmediatamente anteriores ou ben 180 días cotizados ao longo de toda a súa vida laboral.
- Maiores de 26 anos de idade: deben acreditar un período mínimo de cotización de 180 días dos 7 últimos anos ou ben 360 días cotizados ao longo da súa vida laboral.

Se non se reúne o período mínimo de cotización, a solicitante terá dereito a unha prestación económica por importe do 100% do IPREM vixente en cada momento cunha duración de 42 días naturais a contar desde o parto.

Se a persoa que solicita o permiso de maternidade está en paro recibirá a prestación pola cantidade que lle corresponda e unha vez extinguida esta, reanudarase a prestación por desemprego polo tempo que lle restaría por gozar.



Contía e duración

A prestación económica consiste nun subsidio equivalente ao 100% da base reguladora correspondente pola que cotizou á Seguridade Social no mes anterior a aquel no que se iniciou o descanso.

Nos casos de parto múltiple, adopción ou acollemento de máis dun ou dunha menor de forma simultánea concederáse un subsidio especial por cada filla ou fillo ou menor acollido, a partires da ou do segundo, durante o período de 6 semanas posteriores ao parto, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial de adopción.

Se non se reúne o período mínimo de cotización, a duración será de 42 días naturais, ampliábles en 14 días naturais.

A duración do permiso é de 16 semanas ininterrompidas, ampliábles en dúas semanas máis nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiple e/ou discapacidade da ou do menor.

No caso de parto, cando ámbolos dous proxenitores traballen, a nai, ao iniciar o permiso de descanso por maternidade, poderá optar por que a outra persoa proxenitora disfrute dunha parte determinada e ininterrompida do período de descanso, de forma simultánea ou sucesiva co da nai, sen prexuízo das 6 semanas inmediatamente posteriores ao parto de descanso obrigatorio para a nai.

Nos casos de adopción ou acollemento, cando ámbolos dous proxenitores traballen, o período de descanso distribuirase a opción dos interesados, que poderán disfrutalo de forma simultánea ou sucesiva.



Cando se inicia a prestación?

O dereito a esta prestación nace a partires do día do parto ou dende o inicio do descanso, de ser este anterior; nos casos de adopción e tutela, a partires da resolución xudicial e nos casos de acollemento, a partires da decisión administrativa ou xudicial.



Atención e asesoramento

Podes solicitar esta prestación nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade. Para máis información contactar con:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento do permiso de maternidade](#)

Ligazón ao [formulario de solicitude do permiso de maternidade](#).

PERMISO DE PATERNIDADE



Que é?

É un período de descanso que teñen os traballadores, nos casos de nacemento, adopción ou acollemento e tutela, sen perder os seus dereitos salariais nin laborais e con independencia do goce compartido dos períodos dos descansos por maternidade.



Que situacións dan dereito ao permiso de paternidade?

As mesmas que para o permiso de maternidade:

- Nacemento dun fillo ou dunha filla.
- Adopción ou o acollemento, tanto o preadoptivo coma o permanente ou simple, de menores de 6 anos ou maiores de 6 anos e menores de 18 con discapacidade ou con algunha dificultade especial de inserción social e familiar.
- Tutela sobre menor por designación de persoa física, cando o/a titor/a sexa un familiar que, de acordo coa lexislación civil, non poida adoptar ao menor, sempre que leve a convivencia entre o/a titor/a e o/a tutelado/a, nos mesmos termos de idade que o/a adoptado/a ou o/a acollido/a.

No suposto de parto, o permiso corresponde ao outro proxenitor. Se a nai non tivese dereito a suspender a súa actividade profesional con dereito a prestación por maternidade, de acordo coas normas que regulen dita actividade, o outro proxenitor poderá percibir o subsidio por paternidade, compatible co subsidio por maternidade, se reúne os requisitos para acceder a ambos os subsidios e gozar dos correspondentes períodos de descanso.

Nos supostos de adopción ou acollemento, será a elección das persoas interesadas, non obstante, cando o descanso por maternidade sexa gozado na súa totalidade por un dos proxenitores, o dereito ao permiso por paternidade unicamente poderá ser exercido polo outro.



Que requisitos se deben cumprir?

Para percibir a prestación do permiso de paternidade hai que ser traballador por conta propia ou allea, estar afiliado, en alta ou situación asimilada ao alta nalgún réxime da seguridade social, atoparse ademáis ao día no pagamento das correspondentes cotas á Seguridade Social e acreditar un período mínimo de cotización: 180 días dentro dos sete últimos anos ou ben 360 días cotizados ao longo da vida laboral.



Contía e duración

A prestación económica consiste nun subsidio, por un período de 13 días naturais, equivalente ao 100% da base reguladora que estea establecida para a prestación por incapacidade temporal por continxencias comúns, ampliables en dous días máis por cada filla ou fillo a partires do segundo nos supostos de parto, adopción e acollemento múltiples. O aproveitamento destes períodos é independente do disfrute compartido dos períodos de descanso por maternidade.

No caso dos empregados públicos a duración será de 15 días naturais ininterrompidos polo nacemento, acollemento ou adopción de un ou máis fillos de acordo có previsto no artigo 49 c do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP.

Cando se trate dunha familia numerosa ou na familia existise previamente unha persoa con discapacidade en grao igual ou superior ao 33% o permiso de paternidade será de 20 días.

Tamén terá unha duración de 20 días ininterrompidos cando o fillo ou filla nacido/a, adoptado/a ou menor acollido/a teña unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.



Cando se inicia a prestación?

Terase dereito ao subsidio desde o mesmo día en que dea comezo o período de suspensión ou permiso correspondente, de acordo co disposto na lexislación, en cada caso, aplicable.

Os traballadores incluídos no ámbito de aplicación do Estatuto dos Traballadores:

PERMISO DE PATERNIDADE

Durante o período comprendido *desde* a finalización do permiso por nacemento de fillo ou filla ou *desde* a resolución xudicial pola que se constitúe a adopción ou *a partir* da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, *ata* que finalice a suspensión do contrato por parto, adopción ou acollemento, ou inmediatamente despois da finalización da devandita suspensión, sempre que, en todos os casos, se produza o aproveitamento efectivo do período de descanso correspondente.

Os traballadores incluídos no ámbito de aplicación do Estatuto Básico de Empregado Público poderán iniciar a prestación:

A partires da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción, salvo que a lexislación aplicable prevexa o momento do disfrute do permiso noutros termos e, excepcionalmente, nos supostos de fillos ou fillas prematuros/as ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados, poderán comezar a percibir o subsidio a partir do alta hospitalaria do fillo ou filla.

O permiso de paternidade pódese solicitar a xornada completa ou a xornada parcial dun mínimo do 50% da xornada, previo acordo entre a empresa e mailo traballador. O traballador deberá comunicar á empresa o exercicio deste dereito.



Atención e asesoramento

Podes solicitar esta prestación nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade. Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento do permiso de paternidade](#).

Ligazón ao [formulario de solicitude do permiso de paternidade](#).

RISCO DURANTE O EMBARAZO E LACTACIÓN NATURAL



Que é?

É a situación que se produce cando a traballadora está exposta no desenvolvemento do seu traballo a axentes, procedementos ou condicións de traballo que podan influír negativamente na saúde dela mesma, do feto ou o lactante, e así o certifiquen os servizos médicos do SERGAS ou das Mutuas.



Que dereitos ten a traballadora nestes casos?

A empresa debe adaptar as condicións ou o tempo de traballo da traballadora afectada ou destinala a un posto de traballo diferente compatible co seu estado (de igual ou distinta categoría conservando o seu salario). Se iso non é posible, procederase á suspensión do contrato de traballo.



Que requisitos se deben cumprir?

Hai que ser traballadora por conta propia ou allea, afiliadas e en alta, na Seguridade Social e estar ademáis ao corrente nos pagamentos.



Contía e duración

Terán dereito a unha prestación económica que consiste nun subsidio do 100% da súa base reguladora durante todo o tempo que dure a suspensión.

O dereito ao subsidio nace desde o mesmo día no que se inicie a suspensión do contrato de traballo ou o permiso por risco durante o embarazo.

No caso de risco durante o embarazo a suspensión finalizará cando se inicie a baixa por maternidade ou se produza a reincorporación da muller ao seu posto de traballo anterior ou a outro compatible co seu estado.

No caso de risco durante a lactación natural a suspensión finalizará no intre no que o fillo ou filla cumpra nove meses, salvo que a traballadora se reincorpore ao seu posto de traballo anterior ou a outro compatible co seu estado.



Atención e asesoramento

Podes informarte na túa empresa, no comité de empresa ou nos sindicatos.

Podes solicitar esta prestación nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade. Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Información sobre o [trámite da prestación de risco durante o embarazo](#).

Información sobre o [trámite da prestación de risco durante a lactación natural](#).

Podes descargar os [modelos de solicitude sobre o risco durante o embarazo e a lactación natural](#).

REDUCCIÓN DA XORNADA LABORAL POR LACTACIÓN



En que casos se solicita a redución da xornada por lactación?

Nos supostos de lactación da filla ou do fillo menor de nove meses.



Canto tempo se pode ausentar?

A traballadora ou traballador terá dereito a ausentarse do seu posto de traballo durante unha hora, que pode repartirse en dúas fraccións. A duración deste permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto múltiple.

Quen exerza este dereito, pola súa vontade, pode:

- Substituír este dereito por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade.
- Acumulalo en xornadas completas, nos termos previstos na negociación colectiva, nun acordo ao que chegue coa empresaria ou co empresario respectando, no seu caso, o establecido naquela.



Quen pode gozar deste permiso?

Pode ser a nai ou a outra persoa proxenitora no caso de que ambas persoas traballen.

A persoa traballadora beneficiaria ten dereito a decidir o horario e a duración do permiso, pero deberá avisar á empresa 15 días antes de reincorporase á súa xornada ordinaria.



Segue recibindo todo o seu salario?

Sí, durante o tempo que dure o permiso por lactación segue recibindo todo o seu salario.



Atención e asesoramento

Podes informarte na túa empresa, no comité de empresa ou nos sindicatos.

REDUCCIÓN DA XORNADA LABORAL POR COIDADO DE MENORES E OUTROS FAMILIARES



En que casos se pode solicitar a redución da xornada?

A persoa traballadora pode pedir esta redución de xornada, cando:

- teña a garda legal e o coidado directo dunha ou dun menor de oito anos,
- teña a garda legal e o coidado directo dunha persoa con discapacidade física, psíquica ou sensorial, que non realiza unha actividade retribuída,
- teña o coidado un familiar directo ata o segundo grado de consaguinidade ou afinidade e que, pola súa idade ou por ter un accidente ou padecer unha enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non traballe.



Canto tempo pode a persoa traballadora reducir a súa xornada de traballo?

A redución de xornada debe de ser diaria, sen a posibilidade de acumular días completos. A porcentaxe de redución será como mínimo unha oitava parte e como máximo a metade da duración de aquela.



Quen ten dereito a este permiso?

Calquera traballadora ou traballador que teña ao seu cargo a unha ou un menor, unha persoa con discapacidade ou un familiar nas circunstancias descritas.

A persoa traballadora ten dereito a decidir o horario e a duración do permiso, pero deberá preavisar á empresa 15 días antes ou a que se determine no convenio colectivo aplicable e indicar ademais a data de inicio e fin da redución de xornada.

REDUCCIÓN DA XORNADA LABORAL POR COIDADO DE MENORES E OUTROS FAMILIARES



Segue recibindo todo o seu salario?

Non, redúceselle en proporción á parte da xornada que deixa de traballar. As cotizacións realizadas durante os dous primeiros anos de redución de xornada, por coidado de menores de 8 anos ou o primeiro ano por coidado doutros familiares, computaranse incrementadas ata o 100% do que houbera cotizado a xornada completa de cara a futuras prestacións de Seguridade Social, xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.



Atención e asesoramento

Podes informarte na túa empresa, no comité de empresa ou nos sindicatos. Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento da redución da xornada laboral por coidado de menores e outros familiares](#).

REDUCCIÓN DA XORNADA LABORAL POR COIDADO DE MENORES AFECTADOS CANCRO OU POR CALQUERA OUTRA ENFERMIDADE GRAVE



En que casos se solicita a redución da xornada?

A persoa traballadora terá dereito a esta redución da xornada de traballo, para o coidado durante a hospitalización e mailo tratamento continuado da ou do menor ao seu cargo afectado polo cancro, ou por calquera outra enfermidade grave, que precise un ingreso hospitalario de longa duración e requira do seu coidado directo, continuo e permanente, acreditado polo informe do Servizo Público de Saúde.



Canto tempo pode a persoa traballadora reducir a súa xornada de traballo?

Como mínimo a metade da xornada de traballo. Por convenio colectivo poderanse establecer as condicións e supostos nos que esta redución de xornada se poderán acumular en xornadas completas.



Durante canto tempo se ten dereito a esta redución da xornada laboral?

A duración será equivalente á dos períodos de redución de xornada durante o tempo de hospitalización y tratamento continuado da enfermidade do ou da menor e como máximo ata que cumpra 18 anos.

REDUCCIÓN DA XORNADA LABORAL POR COIDADO DE MENORES AFECTADOS CANCRO OU POR CALQUERA OUTRA ENFERMIDADE GRAVE



Segue recibindo todo o seu salario?

Non, redúceselle en proporción á parte da xornada que deixa de traballar pero, a cambio, a persoa traballadora terá dereito a unha prestación económica da Seguridade Social, consistente nun subsidio equivalente ao 100% da base reguladora establecida para a prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais e en proporción á redución que experimenta a xornada de traballo.



Atención e asesoramento

Podes informarte na túa empresa, no comité de empresa ou nos sindicatos.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento da redución da xornada laboral por coidado de menores afectados por enfermidade grave](#).

OUTROS PERMISOS



A persoa traballadora pode pedir outros permisos ou reducións da xornada e recibir o mesmo salario?

Si, como mínimo:

- Permiso de 15 días cando casa.
- Permiso de dous días por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización dunha persoa familiar directa, hasta o 2º grao de consaguinidade ou afinidade, que serán catro días cando se teñen que desprazar.
- Poderá ausentarse do seu posto de traballo o tempo que necesite para a realización dos exames prenatais e das técnicas de preparación ao parto.
- Permiso de dous días cando nace a súa filla ou fillo, a non ser que teña que desprazarse fóra do lugar de traballo, neste caso terá catro días de permiso.
- Terán dereito a ausentarse do traballo durante unha hora, nos casos de nacementos de fillas e fillos prematuras ou prematuros ou que deban permanecer hospitalizadas ou hospitalizados tras o parto. Así mesmo, terán dereito a reducir a súa xornada ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional do salario.

A persoa traballadora terá dereito a adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral nos termos que se establece na negociación colectiva ou no acordo a que chegue coa empresa respectando, no seu caso o previsto naquela.

O réxime e duración dos permisos do empregado público será o establecido na lexislación que lles é de aplicación.

Antes de deixar o seu posto de traballo debe avisar á empresa. Unha vez regrese do permiso debe entregar un xustificante do motivo que lle levou a pedir o mesmo.



Atención e asesoramento

Podes informarte na túa empresa, no comité de empresa ou nos sindicatos.

EXCEDENCIA POR COIDADO DE FILLOS/AS OU MENORES EN RÉXIME DE ACOlLEMENTO



Que é?

É o permiso ao que ten dereito unha persoa traballadora por conta allea por un período máximo de tres anos para coidar ao seu fillo ou filla, xa sexa biolóxico/a ou sexa por adopción ou por acollemento, tanto permanente coma preadoptivo aínda que sexan provisionais.



Desde que momento se pode pedir esta excedencia?

Desde o nacemento da filla ou fillo ou desde que se fai firme a resolución ou decisión da adopción ou do acollemento.



Como afecta esta excedencia á persoa traballadora nos seus dereitos como tal?

- Non ten dereito a percibir salario algún por parte da empresa.
- Resévaselle o seu posto de traballo durante o primeiro ano de excedencia e despois resévaselle un posto de traballo dentro do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente. No caso de familia numerosa, a reserva do seu posto manterase durante 15 ou 18 meses, segundo sexa de categoría xeral ou especial.
- O tempo de excedencia computa á hora de contar a antigüidade da persoa traballadora na empresa.
- Ten dereito a asistir a cursos de formación profesional aos que deberá chamalo a súa empresa, especialmente cando vaia a incorporase ao traballo.
- Esta excedencia pode gozarse de forma fraccionada.



Ten dereito a algunha prestación?

Si, ten dereito a unha prestación non económica da Seguridade Social por filla ou fillo ao cargo, consistente no dereito a que se consideren os dous primeiros anos da súa excedencia (e nos casos de familia numerosa, segundo a categoría xeral ou especial, 30 ou 36 meses respectivamente) como tempo cotizado á Seguridade Social, cando teña que acceder a algunha prestación da Seguridade Social, excepto cando se trate da prestación por incapacidade temporal.



Atención e asesoramento

Podes informarte na túa empresa, no comité de empresa ou nos sindicatos.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento de excedencia por coidado de fillos/as ou menores acollidos](#).

EXCEDENCIA POR COIDADO DE FAMILIARES



Que é?

É o permiso de traballo ao que ten dereito unha persoa traballadora por conta allea para coidar a un familiar ata o 2º grado de consaguinidade ou afinidade (avoas ou avós, netas ou netos, nai, pai, irmás ou irmáns, cónxuxe, fillas ou fillos, cuñadas ou cuñados, sogras ou sogros, xenros ou noras), que pola súa idade, ou por ter un accidente ou padecer unha enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesma e non traballe.



De canto tempo pode ser esta excedencia?

Pode durar un tempo máximo de 2 anos, salvo que por negociación colectiva se amplíe.



Como afecta esta excedencia á persoa traballadora nos seus dereitos como tal?

- Non ten dereito a recibir salario algún por parte da súa empresa.
- Resévaselle o seu posto de traballo durante o primeiro ano de excedencia, e despois resévaselle un posto de traballo dentro do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente.
- Tense en conta o tempo de excedencia á hora de contar a antigüidade da persoa traballadora na empresa, así como para a súa consideración como período efectivamente cotizado á Seguridade Social.
- Ten dereito a asistir a cursos de formación profesional aos que deberá chamalo a súa empresa, especialmente cando vaia volver a incorporarse ao traballo.
- Por convenio colectivo poden preverse outros supostos de excedencia.
- Esta excedencia pode gozarse de forma fraccionada.



Atención e asesoramento

Podes informarte na túa empresa, no comité de empresa ou nos sindicatos.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento de excedencia por coidado de familiares](#).

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR PARTO OU ADOPCIÓN MÚLTIPLE



Que é?

É unha prestación económica de pagamento único por parte da Seguridade Social que ten por obxecto compensar o aumento de gastos que se produce nas familias cando o número de fillos ou fillas que nacen nun parto ou que se adoptan simultaneamente é de dous ou máis.



Persoas beneficiarias: requisitos

- Para os efectos civís, “só se reputará nacido o feto que tivese figura humana e vivise 24 horas enteiramente desprendido do seo materno”, art. 30 do Código Civil.
- Se algunha das fillas e/ou dos fillos estivese afectado por unha discapacidade igual ou superior ao 33% computará o dobre.
- O nacemento ou a formalización da adopción ten que producirse en España. Se o nacemento ou adopción ten lugar no estranxeiro, reputarase como producido en España cando se acredite que o fillo ou a filla integrouse de maneira inmediata nun núcleo familiar con residencia no territorio español.
- Os proxenitores ou adoptantes deberán residir legalmente en territorio español. Se a persoa solicitante se atopa traballando no estranxeiro terá dereito a solicitala sempre que cotice no seu réxime correspondente da Seguridade Social español.
- Ao mesmo tempo non poden ter dereito a prestacións de esta mesma natureza en calquera outro réxime público de protección social.
- Para solicitar esta prestación os proxenitores ou adoptantes que convivan xuntos teñen que pórse de acordo para decidir quen dós dous a vai a solicitar. Se non se comunica quen a solicita a axuda concédese-lle á nai.

- No caso de non haber convivencia dos proxenitores ou adoptantes por nulidade, separación xudicial ou divorcio, a nai ou o pai que ten ao seu cargo a garda e custodia dos fillos ou fillas será a persoa beneficiaria desta prestación.
- Se por calquera causa os nenos ou nenas quedan orfos de ámbolos proxenitores ou adoptantes a persoa beneficiaria desta prestación será a que legalmente se faga cargo deles.



Contía

O importe da axuda económica variará segundo o número de fillas ou fillos nados no parto ou adoptados.

Nº de fillos/as nados/as	Nº de veces do importe mensual do SMI*
2	x4
3	x8
4 e máis	x12



É compatible con outras axudas?

Esta prestación é compatible con:

- A prestación por nacemento ou adopción de terceiro ou sucesivos fillos causada por un mesmo suxeito.
- O subsidio especial de maternidade por parto múltiple.
- As asignacións económicas por filla ou fillo menor a cargo.
- A pensión de orfandade e en favor de netos e irmás e/ou irmáns que, no seu caso, lle poida corresponder.



Atención e asesoramento

Nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento da prestación económica por parto ou adopción](#).

Ligazón ao [formulario de solicitude da prestación económica por parto ou adopción](#).

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLAS OU FILLOS, EN SUPOSTOS DE FAMILIAS NUMEROSAS, MONOPARENTAIS E NOS CASOS DE NAIS CON DISCAPACIDADE



Que é?

É unha prestación económica da Seguridade Social por nacemento ou adopción de fillas ou fillos en familias numerosas, en familias monoparentais e nos casos de nais que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65%, sempre que non superen o nivel de ingresos que anualmente se estableza.



Persoas beneficiarias: requisitos

Esta prestación económica está destinada a:

- familias numerosas ou que, co nacemento ou adopción adquiran a dita condición,
- familias monoparentais,
- nais que padezan unha discapacidade igual ou superior ao 65%.

Non se recoñece o dereito a esta prestación nos supostos de acollemento familiar.

Para beneficiarse desta prestación é necesario:

- Que os ingresos da unidade familiar non superen a cantidade que cada ano se establece por lei; para o ano 2012 é de 11.376,66 euros. O límite de ingresos irá incrementándose en 1.706,5 euros a partir da segunda filla ou do segundo fillo.

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLAS OU FILLOS, EN SUPOSTOS DE FAMILIAS NUMEROSAS, MONOPARENTAIS E NOS CASOS DE NAIS CON DISCAPACIDADE

- No caso de familias numerosas os seus ingresos anuais non serán superiores a 17.122,59 euros, incrementándose en 2.745,93 euros por cada filla ou fillo a cargo a partir da ou do cuarto, incluído.
- Residir legalmente no territorio español.

O dereito ao recoñecemento desta prestación prescribe aos cinco anos contados dende o día seguinte ao nacemento ou adopción.



Contía

A prestación abónase nun pagamento único de 1.000 euros.



É compatible con outras axudas?

Esta prestación é compatible con:

- A prestación por parto ou adopción múltiple causada polo mesmo suxeito.
- A prestación económica por nacemento ou adopción de filla ou fillo.
- As asignacións económicas por filla ou fillo menor acollido a cargo.
- O subsidio especial de maternidade por parto múltiple.
- Calquera outra axuda análoga concedidas por unha administración local ou autonómica.

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN DE FILLAS OU FILLOS, EN SUPOSTOS DE FAMILIAS NUMEROSAS, MONOPARENTAIS E NOS CASOS DE NAIS CON DISCAPACIDADE



Atención e asesoramento

Nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento da prestación económica por nacemento ou adopción de fillas ou fillos, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais con discapacidade.](#)

PRESTACIÓN ECONÓMICA FAMILIAR POR FILLA, FILLO OU POR ACOLLEMENTO DUNHA OU DUN MENOR A CARGO



Que é?

Unha asignación económica que se recoñece por cada filla ou fillo ao cargo da persoa beneficiaria, menor de 18 anos, así como polos menores en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido.



Persoas beneficiarias: requisitos

- Para ser beneficiario ou beneficiaria desta prestación os ingresos da unidade familiar non poden superar a cantidade que cada ano se establece por lei; que para o ano 2012 é de 11.376,66 euros. O límite de ingresos irá elevándose nun 15% a partir da segunda filla ou fillo.
- No caso de familias numerosas os seus ingresos anuais non serán superiores a 17.122,59 euros, incrementándose en 2.773,39 euros por cada filla ou fillo a cargo a partir da ou do cuarto, incluído.
- A menor ou o menor ten que convivir e depender economicamente das persoas beneficiarias.
- As persoas beneficiarias teñen que residir legalmente en territorio español e non ter dereito a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réximen público.
- Para se beneficiar desta prestación deberase presentar antes do 1 de abril de cada ano unha declaración sobre os ingresos que tivo no ano anterior e comunicar aqueles cambios que afectan ao dereito de percibir a axuda.



Contía

A asignación será de 291 euros ao ano para fillas/os ou acollidas/os ata os 18 anos non discapacitados e o seu pagamento é semestral (nos meses de xaneiro e xullo).

PRESTACIÓN ECONÓMICA FAMILIAR POR FILLA, FILLO OU POR ACOLLEMENTO DUNHA OU DUN MENOR A CARGO



Que obrigas ten a persoa beneficiaria?

Notificar todos os cambios que se produzan na situación familiar que supoñan modificación ou extinción do dereito a prestación no prazo de 30 días ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).



Atención e asesoramento

Podes solicitar esta prestación nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento da prestación económica familiar por filla, fillo ou por acollemento dunha ou dun menor a cargo](#).

Ligazón ao [formulario de solicitude da prestación económica familiar por filla, fillo ou por acollemento dunha ou dun menor a cargo](#).

PRESTACIÓN ECONÓMICA FAMILIAR POR FILLAS E FILLOS OU MENORES AO CARGO CON DISCAPACIDADE



Que é?

É unha asignación económica que se reconece por cada filla ou fillo menores de 18 anos ou maiores afectados por unha discapacidade igual ou superior ao 65%, así como os menores acollidos ao cargo con discapacidade.



Persoas beneficiarias: requisitos

As persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras de menores discapacitados ou maiores cunha discapacidade igual ou superior ao 65%. Aos efectos do recoñecemento da condición de beneficiario da prestación económica por fillas e fillos a cargo con discapacidade, non se esixirá límite de recursos económicos.

As fillas e fillos ou menores ao cargo con discapacidade teñen que ter o recoñecemento legal da ou das discapacidades. En Galicia, correspóndelle aos Equipos de Valoración e Orientación dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

Ademáis, teñen que cumprir os demais requisitos da prestación económica por filla/o ou acollemento dunha ou dun menor a cargo:

- A menor ou o menor ten que convivir e depender economicamente das persoas beneficiarias.
- As persoas beneficiarias teñen que residir legalmente en territorio español e non ter dereito a prestacións desta mesma natureza en calquera outro réxime publico.

Para se beneficiar desta prestación deberase presentar antes do 1 de abril de cada ano unha declaración sobre os ingresos que tivo no ano anterior e comunicar aqueles cambios que afectan ao dereito de percibir a axuda.

PRESTACIÓN ECONÓMICA FAMILIAR POR FILLAS E FILLOS OU MENORES AO CARGO CON DISCAPACIDADE

**Contía**

Idade	Discapacidade	Total prestación (anual)	Forma de pago
Menor de 18 anos	Igual ou superior ao 33%	1.000€	250€ trimestrais
Maior de 18 anos	Igual ou superior ao 65%	4.292,40€	357,70€ mensuais
Maior de 18 anos	Igual ou superior ao 75%	6.439,20€	536,60€ mensuais

**Que obrigas ten a persoa beneficiaria?**

Notificar todos os cambios que se produzan na situación familiar que supoñan modificación ou extinción do dereito a prestación no prazo de 30 días ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).

**Atención e asesoramento**

Nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento da prestación económica familiar por fillas e fillos ou menores ao cargo con discapacidade](#).

Ligazón ao formulario de [solicitud da prestación económica familiar por fillas e fillos ou menores ao cargo con discapacidade](#).

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR COIDADO DE MENORES AFECTADAS/OS POR CANCRO OU OUTRA ENFERMIDADE GRAVE



Que é?

Prestación económica por parte da Seguridade Social destinada aos proxenitores, adoptantes ou acolledores que reducen a súa xornada de traballo, e polo tanto o seu salario, para o coidado do ou da menor ao seu cargo afectado por cancro ou outra enfermidade grave que requira o seu coidado directo, continuo e permanente, durante a hospitalización e tratamento continuado da enfermidade.



Persoas beneficiarias: requisitos

As persoas traballadoras por conta propia ou allea e asimilados que reduzan a súa xornada laboral, alo menos nun 50% da súa duración, para o coidado do ou da menor que padece a enfermidade. Esta prestación só a pode solicitar un dos proxenitores, adoptantes ou acolledores.

As persoas beneficiarias deben cumprir os seguintes requisitos:

- Estar afiliada ou afiliado, e en alta, á Seguridade Social nalgún dos réximes do sistema.
- Estar ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social, das que sexan responsables directos as persoas traballadoras.
- Reduzan a xornada de traballo nun 50% da súa duración, como mínimo, para dedicarse ao coidado directo, continuo e permanente da ou do menor.
- Ter o período de cotización esixido:
 - a. Os/as menores de 21 anos: non se esixe período mínimo de cotización
 - b. Entre 21 e 26 anos: 90 días cotizados dentro dos 7 anos inmediatamente anteriores á data de inicio da redución ou, alternativamente, 180 días cotizados ao longo da vida laboral.
 - c. Maiores de 26 anos: 180 días dentro dos 7 anos inmediatamente anteriores á data de inicio da redución ou, alternativamente, 360 días cotizados ao longo da súa vida laboral.

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR COIDADO DE MENORES AFECTADAS/OS POR CANCRO OU OUTRA ENFERMIDADE GRAVE

Contía e duración

A prestación consiste nun subsidio equivalente ao 100% da base reguladora que está establecida para a prestación de incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais, e en proporción á redución que experimente a xornada de traballo.

O período inicial de recoñecemento será de un mes, prorrogable por períodos de dous meses, cando subsista a necesidade do coidado da/do menor, que se deberá acreditar mediante a declaración da/do facultativa/o do Servizo Público de Saúde e, como máximo, ata que a/o menor cumpla os 18 anos.



Atención e asesoramento

Nas oficinas da Seguridade Social da túa localidade.

Para máis información:

Instituto Nacional de la Seguridad Social: <http://www.seg-social.es>

Tel.: 900 166 565

Ligazón ao [procedemento da prestación económica por coidado de menores afectadas/os por cancro ou outra enfermidade grave](#).

Ligazón ao formulario de [solicitude da prestación económica por coidado de menores afectadas/os por cancro ou outra enfermidade grave](#).

AXUDA POR NON ABOAMENTO DE PENSIÓN DE ALIMENTOS EN SITUACIÓNS DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO



Que é?

É unha cantidade económica que se aboa en concepto de anticipo polo Fondo de Garantía do Pago de Alimentos recoñecida a persoa titular dunha pensión alimentaria que non está a ser aboada pola persoa obrigada ao pago, adiantándolle a pensión alimenticia en todo ou parte.



Persoas beneficiarias: requisitos

A persoa (menor de idade e/ou maior cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%) titular dun dereito á pensión alimenticia recoñecido, mediante resolución xudicial ou convenio regulador xudicialmente aprobado, que non sexan aboadas pola persoa obrigada ao seu pagamento, e que pida a execución da sentenza xudicial que recoñece o dereito á pensión, resultando esta infrutuosa, sempre e cando a unidade familiar na que esta integrada cumpra uns requisitos económicos.

A unidade familiar na que se integre a/o menor non pode superar un certo límite de ingresos anuais, que se establece co número de fillos ou fillas con dereito a pensión alimenticia en relación co Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) vixente no momento da solicitude do anticipo, de acordo coa seguinte escala:

Número de fillas ou fillos	Coficiente IPREM
1 fillo/a	1.5 x IPREM
2 fillos/as	1.75 x IPREM
3 fillos/as	2 x IPREM
4 fillos/as	2.25 x IPREM

AXUDA POR NON ABOAMENTO DE PENSIÓN DE ALIMENTOS EN SITUACIÓNS DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO



Contía e duración

A contía do anticipo por cada persoa beneficiaria é de 100 euros mensuais, agás que por resolución xudicial teña recoñecido un importe menor, de ser o caso, aboarase o importe establecido. O anticipo aboase por un período máximo de 18 meses e o percibe a persoa que ostente a garda e custodia da persoa beneficiaria.



Atención e asesoramento

Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

<http://www.meh.es>



Tel.: 900 503 055

Ligazón ao formulario de [solicitud de anticipo do fondo de garantía do pago de alimentos](#).



DEDUCCIÓN POR MATERNIDADE



Que é?

Dedución dirixida a mulleres con fillas ou fillos menores de tres anos que realizen unha actividade por conta propia ou allea para que estean dadas de alta no reximén correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.



Persoas beneficiarias: requisitos

As solicitantes deben ser mulleres con fillas e fillos menores de tres anos, con dereito á aplicación do mínimo por descendentes, que teñan un traballo por conta allea ou propia, para o que estean dadas de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade.

No caso de adopción ou acollemento, a dedución aplicarase, con independencia da idade da ou do menor, nos tres anos posteriores á inscrición da adopción ou acollemento no Rexistro Civil. Cando non sexa precisa a inscrición, a dedución poderá facerse a partir da data da resolución xudicial ou administrativa que a declare.

No caso de falecemento da nai, ou cando a garda e custodia se atribúa de forma exclusiva ao pai, ou no seu caso a un titor, este terá dereito á dedución pendente, sempre que cumpra os requisitos previstos para ter dereito á súa aplicación.



Contía e duración

A dedución por maternidade será de ata 1.200 euros anuais por filla o fillo menor de tres anos calculándose de forma proporcional ao número de meses en que se cumpran de forma simultánea os requisitos, incluído o mes de nacemento e non computando o mes de cumprimento dos tres anos, tendo como límite para cada filla/o o importe íntegro sen bonificacións das cotizacións e cotas totais á Seguridade Social e mutualidades en cada período impositivo con posterioridade ao nacemento, adopción ou acollemento. Pode facerse efectiva de dúas formas:

- Percibindo de forma anticipada mediante transferencia bancaria, 100 euros ao mes por filla ou fillo a cargo ata que cumpra os tres anos de idade.
- Outra fórmula é a aplicación dunha dedución de 1200 euros na declaración do IRPF.



Atención e asesoramento

Agencia Estatal de Administración Tributaria

<http://www.agenciatributaria.es>

Tel.: 901 200 345 / 901 335 533

Ligazón ao [procedemento da dedución por maternidade](#).

ÁMBITO
ESTATAL

DEDUCIÓNS FAMILIARES POR DESCENDENTES NO IRPF



Que son?

Na actualidade practícanse diversas deducións na conta do imposto á renda de persoas físicas, IRPF, que fan que a base imponible diminúa no momento da tributación.

Entre as diferentes deducións existentes atópanse as deducións familiares que comprenden, entre outras, as que corresponden aos descendentes.

Para os efectos de aplicación destas deducións hai que ter en conta o mínimo persoal e familiar que é a magnitude por medio da cal se valora e cuantifican as circunstancias persoais e familiares que son obxecto de consideración no IRPF e cuxa contía constitúe a parte da base liquidable que, por destinarse a satisfacer as necesidades básicas persoais e familiares da persoa contribuínte, non se someten a tributación por este imposto.



Cal é o mínimo familiar por descendentes para o ano 2012?

Ao mínimo persoal da base imponible se lle deben engadir as seguintes cantidades:

Pola primeira filla ou fillo	1.836 euros
Pola segunda filla ou fillo	2.040 euros
Pola terceira filla ou fillo	3.672 euros
Pola cuarta filla ou fillo e posteriores	4.182 euros
Incremento destas cantidades por discapacidade entre o 33% e o 64%	2.316 euros
Incremento destas cantidades por discapacidade igual ou superior ao 65%	7.038 euros
Incremento destas cantidades polo/a descendente menor de tres anos	2.244 euros



Que requisitos deben cumprir as ou os descendentes?

- Que as ou os descendentes sexan menores de 25 anos, salvo que acrediten unha minusvalía igual ou superior ao 33%.
- Que sexan solteiras ou solteiros.
- Que convivan coa persoa contribuínte.
- Que non teñan renda superiores a 8.000 € anuais, excluídas as exentas.
- Que non presenten independentemente a declaración de IRPF.



Atención e asesoramento

Agencia Estatal de Administración Tributaria

<http://www.agenciatributaria.es>

Tel.: 901 200 345 / 901 335 533

Máis [información sobre os mínimos persoais e familiares nas deducións.](#)

PRESTACIÓN ECONÓMICA POR FILLAS E FILLOS MENORES DE 3 ANOS



Que é?

É unha prestación económica de pagamento único que se concede co fin de paliar os gastos dos primeiros anos de crianza que se dan nas familias cando teñen ao seu cargo fillas e fillos menores de tres anos.



Persoas beneficiarias: requisitos

Esta prestación económica está destinada a todas aquelas familias residentes en Galicia que:

- Teñan fillas ou fillos menores de 3 anos o un de xaneiro do ano en curso.
- Que as nenas e nenos convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.
- Non ter a obriga de presentar a declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, por razón de ingresos, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.
- No caso de adopción ou acollemento a prestación concederáse durante os tres anos posteriores á data de resolución xudicial ou administrativa que a declare.
- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio, a persoa beneficiaria será a que teña a custodia.
- En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria postetade dos/as seus/súas fillos/as.



Contía

A contía da prestación recóllese na convocatoria anual destas axudas.



Atención e asesoramento

Consellería de Traballo e Benestar:

<http://traballoebenefestar.xunta.es>



Tel.: 981 547 246

AXUDA Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR PARA TRABALLADORES CON REDUCCIÓN DE XORNADA LABORAL



Que é?

É unha axuda económica que se concede, mediante convocatoria pública anual, a aqueles traballadores que se acollan a unha redución da súa xornada de traballo para coidar dunha filla ou fillo menor de tres anos ou de 12 anos se padece unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33%.



Quen se pode acoller?

As persoas beneficiarias destas axudas serán os traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes destas (con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario) e as persoas socias das sociedades cooperativas que pertencen ao réxime xeral da Seguridade Social e que se acollan á redución de xornada sinalada.

Do mesmo xeito, poderán selo tamén as familias monoparentais nas que a persoa solicitante, home ou muller traballe por conta allea e se acolla á redución de xornada sinalada.



Persoas beneficiarias: requisitos

Para poder solicitar estas axudas as persoas interesadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar inscritos no padrón de calquera dos municipios galegos, polo menos cun ano de antelación á presentación da solicitude de subvención.
- No caso das familias non monoparentais, o outro membro da unidade familiar deberá ser traballadora ou traballador por conta allea ou ben autónoma/o e manter esa situación durante todo o período subvencionado. Entenderase cumprido este requisito cando, habendo períodos non traballados, a suma destes non supere o 5% do período subvencionado.

AXUDA Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR PARA TRABALLADORES CON REDUCIÓN DE XORNADA LABORAL

- Deberase manter a situación de redución de xornada durante un mínimo de 60 días naturais ininterrompidos.
- No suposto de fillos/as adoptados/as ou menores en réxime de acollemento familiar, terán que ser menores de 12 anos. Para ter dereito a axuda non poderán ter transcorrido máis de tres anos desde a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción.
- Que durante o período subvencionado a filla ou fillo conviva coa persoa solicitante.
- Que o período solicitado non coincida co permiso por maternidade nin calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade.
- En ningún caso poderán beneficiarse os proxenitores privados da patria potestade das súas fillas ou fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

**Contía e duración**

A concesión de esta axuda realizase a través dun pagamento único e estará en función da porcentaxe de redución de xornada laboral que se solicite e da duración desta, que será como máximo de 8 meses. As contías son as seguintes:

Grao de redución de xornada laboral	Primeira/o filla/o	Segunda/o filla/o ou se son xemelgos	Terceira/o filla/o ou se son trillizos
Ata o 15%	1600 euros	1900 euros	2200 euros
Superior do 15% ata o 33.33%	2700 euros	3000 euros	3300 euros
Superior ao 33.33%	3000 euros	3300 euros	3600 euros

Estas contías son as máximas aplicables aos casos nos que a redución de xornada corresponda a unha persoa contratada a xornada completa e a súa duración se estenda á totalidade do período subvencionable (8 meses).

Cando a persoa que solicita a redución se atope contratada por unha xornada laboral de duración inferior ou cando a duración da redución de xornada teña unha duración inferior a 8 meses, as contías das axudas diminuirán proporcionalmente.

AXUDA Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR PARA TRABALLADORES CON REDUCCIÓN DE XORNADA LABORAL



Atención e asesoramento

Para máis información:

Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela

<http://mulleresengalicia.es>



Tel.: 881 999 163

Ligazón ao [procedemento da axuda á conciliación da vida familiar para traballadores con redución de xornada laboral](#).



Ligazón ao [formulario da axuda á conciliación da vida familiar para traballadores con redución de xornada laboral](#).



CHEQUE INFANTIL



Que é?

Consiste nunha axuda económica para contribuír ao pagamento do importe da praza nunha escola infantil para nenos e nenas de ata tres anos de idade e non sostida con fondos públicos, por un período máximo de 11 meses.



Persoas beneficiarias: requisitos

Poderán beneficiarse as familias residentes en Galicia e que ademais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter unha/un nena/o ao cargo nacida/o con posterioridade ao 31 de decembro de 2009.
- Non obter praza ou atoparse en lista de espera para unha escola infantil de 0 a 3 anos sostida con fondos públicos.
- Ter cumprido a nena ou neno a cargo 3 meses na data de ingreso na escola infantil.
- Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non exceda dunha cantidade segundo se estableza na orde de convocatoria, actualmente é de 1.000 €.
- Que existan prazas correspondentes ao grupo de idade da nena ou neno nos centros partícipes do programa no concello de residencia da persoa beneficiaria, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen a nai ou pai ou representantes legais.
- Non cumprir a nena ou neno a cargo os 3 anos dentro do ano natural no que se solicita, requisito do que se poderán eximir os/as nenos/as que precisen integración.
- Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas ou entes privados que, en concorrencia coa regulada nesta orde, supere o custo da praza.



Contía e duración

A contía da axuda estará en función da renda per cápita da unidade familiar, de acordo co cadro seguinte, non podendo superar en ningún caso o custo da praza:

Tramo de renda per cápita		Contía máxima mensual de axuda por praza	
		Atención educativa	Atención educativa con comedor
Inferior ao 30% do IPREM	De 0 a 159,74 €	180,00 €	250,00 €
Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	De 159,75 a 266,25 €	180,00 €	233,00 €
Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	De 266,26 a 399,37 €	147,00 €	200,00 €
Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	De 399,38 a 532,50 €	115,00 €	159,00 €
Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	De 532,51 a 665,63 €	75,00 €	109,00 €
Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	De 665,64 a 798,76 €	55,00 €	74,00 €
Entre o 150% do IPREM e 1.000 €	De 798,77 a 1.000 €	45,00 €	51,00 €
Superior a 1.000 €	45,00 €	45,00 €	

No caso de media xornada a contía da axuda reducirase nun 50%, segundo corresponda en función do tipo de asistencia (con ou sen comedor).



Atención e asesoramento

Departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar

<http://traballoebenefestar.xunta.es/>



A Coruña: 981 185 700

Lugo: 982 294 202

Ourense: 988 386 149

Pontevedra: 986 817 089

<http://escolasinfantis.net>



Ligazón ao [formulario da solicitude de axuda para programa do cheque infantil](#).



ÁMBITO
AUTONÓMICO

AXUDA ECONÓMICA DA LIÑA CONCILIA DO PROGRAMA EMEGA



Que é?

Dentro das liñas de axudas para mulleres emprendedoras e empresarias que contempla o programa de emprendemento feminino Emega, está a liña Concilia que son axudas económicas dirixidas ás empresas que acceden a calquera dos programas das liñas Empeende, Innova e Activa nas cales existan promotoras con fillos/as menores de tres anos ou naquelas empresas nas que se implementen novos sistemas de organización que faciliten a conciliación da vida persoal e laboral.



Persoas beneficiarias: requisitos

O programa Emega está dirixido a mulleres emprendedoras e empresarias que creen emprego feminino por conta allea así coma tamén a empresas constituídas por mulleres baixo calquera forma societaria.

Deberán cumprirse os requisitos, tanto xerais do programa Emega como os específicos da liña solicitada, que se establezan anualmente.



Contía

Para as axudas da convocatoria 2012 establécese o tope específico de 30.000 euros por empresa. A contía da liña Concilia para este ano é:

Contía	Requisitos
3.000	Promotoras con fillos/as menores de tres anos.
5.000	Acordo ou convenio de conciliación.
1.000	Contrato de teletraballo, para mulleres ou homes, co máximo de 5.000 euros.



Atención e asesoramento

Para máis información:

Secretaría Xeral da Igualdade

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela

<http://mulleresengalicia.es>

Tel.: 881 999 163

Ligazón ao [procedemento do programa Emea](#).

Ligazón ao [formulario de solicitude da axuda económica da liña Concilia do programa Emea](#).

Ligazón para realizar a [tramitación en liña da axuda económica do programa Emea](#).

AXUDAS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS



Que é unha familia numerosa?

Teñen a consideración de familias numerosas aquelas que reúnan as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas. Segundo esta lei unha familia numerosa é a unidade familiar formada por unha ou dúas persoas ascendentes e tres ou máis fillas e/ou fillos, sexan ou non comúns aos dous ascendentes.

Tamén terán a condición de familia numerosa as formadas por:

- Un ou dous ascendentes con dúas fillas ou fillos, sexan ou non comúns, sempre e cando un dos descendentes sexa discapacitado ou se atope incapacitado para traballar.
- Cando ambos ascendentes con dous fillos e/ou fillas, sexan ou non comúns, teñan unha discapacidade ou se atopen incapacitados para traballar ou, como mínimo, un deles teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.
- Nai ou pai separados ou divorciados con tres ou máis fillas e/ou fillos sexan ou non comúns, aínda que pertencen a distintas unidades familiares, sempre que se atopen baixo a súa dependencia económica aínda que non convivan no domicilio conxugal. (No caso de que non existira o acordo das persoas proxenitoras sobre as fillas e/ou fillos que se deban considerar na unidade familiar terase en conta o criterio da convivencia).
- Dúas irmás ou irmáns orfos de nai e pai sometidos a tutela, acollemento ou garda, que convivan coa persoa titora, acolledora ou gardadora pero non ás súas expensas.
- Tres ou máis irmás e/ou irmáns orfos de nai e pai ou dous maiores de 18 anos, se un deles ten unha discapacidade, conviven e teñen unha dependencia económica entre eles.

Aos efectos desta lei, considéranse ascendentes ao pai, á nai ou a ambos conxuntamente cando exista vínculo conxugal e, no seu caso, ao cónxuxe dun deles.

Terán a mesma consideración que os fillos e/ou fillas as persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.



Que categorías hai?

As familias numerosas, por razón do número de fillos e/ou fillas, clasifícanse nalguna das seguintes categorías:

- Especial: as de cinco ou máis fillos e/ou fillas e as de catro fillos e/ou fillas dos cales polo menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Tamén entran na categoría de especial aquelas familias con catro fillas e/ou fillos nas que os ingresos anuais, divididos polo número de persoas que compoñen a unidade familiar non superan en cómputo anual o 75% do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, incluídas as pagas extraordinarias.
- Xeral: as restantes unidades familiares incluídas no artigo 4 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas.

Cada fillo ou filla que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% ou que teña reducida a súa capacidade de traballo nun grao equivalente ao da incapacidade permanente absoluta ou grande invalidez computará como dous para determinar a categoría na que se clasifica a unidade familiar da que forma parte.



Como se acredita a condición de familia numerosa?

A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido para o efecto, de acordo co artigo 5 da Lei 40/2003, que será outorgado cando concorran os requisitos establecidos no artigo 2 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas, por pedimento de calquera dos ou das ascendentes, das persoas que exerzan a tutela, garda ou acollemento, ou doutro membro da unidade familiar con capacidade legal.

Correspóndelle á Xunta de Galicia a competencia para o recoñecemento da condición de familia numerosa das persoas solicitantes residentes na comunidade autónoma de Galicia, así como para a expedición e a renovación do título que acredita a devandita condición e categoría.

A asimilación a descendente do fillo ou da filla concibido ou concibida e non nado ou nada acreditarase mediante o carné familiar galego, e terá efectos unicamente dentro da comunidade autónoma de Galicia.



Que tipos de axudas hai?

As familias numerosas contan con axudas e beneficios a nivel estatal, autonómico e local. Entre as que están as seguintes:

- Deducións no tramo autonómico do IRPF:
 - a) 250 euros para a categoría xeral.
 - b) 400 euros para a categoría especial.
- Vivenda: O Plan de Vivenda 2009-2012 recolle unha serie de particularidades e melloras para as familias numerosas.
- Transporte: reducións nas tarifas de transporte por estrada, marítimo, ferrocarril e aéreo. Dedución do 50% da taxa de matriculación do vehículo.
- Educación: preferencia na admisión en centros públicos, nas convocatorias de bolsas de estudos, nas axudas á adquisición de material, e bonificacións ou exencións nas taxas ou prezos de matrículas, exames, títulos, diplomas e outros. Tamén se aplica ás escolas infantís.
- Dedución do 50% do canon de saneamento para usos domésticos da auga.
- Aplicación de tipos impositivos reducidos persoas con discapacidade e familias numerosas.
- Carné familiar galego, co que se poden acadar ofertas e descontos nas entidades colaboradoras do programa.
- Bonificación do 45% das cotas á Seguridade Social pola contratación de persoas coidadoras que presten servizos no fogar das familias numerosas.
- Incremento do límite de ingresos para ter dereito á asignación económica da Seguridade Social por prestacións familiares.

- Ampliación do período considerado como cotizado e de reserva do posto de traballo no caso de excedencia por coidado de filla/o.
- Redución do 50% no prezo de entrada ós museos, auditorios e teatros de titularidade estatal.
- Redución dun 30% sobre o prezo que resulte das estadias nas residencias de Tempo Libre da Consellería de Traballo e Benestar, sitas en Panxón (Pontevedra) e Carballiño (Ourense).



Atención e asesoramento

Podes solicitar o título de familia numerosa en calquera dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

<http://traballoebeneficio.xunta.es>

Telf.: 981 957 027

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://beneficio.xunta.es>

Ligazón á [relación de documentación para a expedición ou renovación do título de familias numerosas.](#)

Ligazón á [solicitud de título de familia numerosa.](#)

CARNÉ FAMILIAR GALEGO



Que é?

O carné familiar galego é unha tarxeta persoal e intransferible á disposición dos membros das familias numerosas coa que van obter vantaxes ou descontos nos establecementos colaboradores con este programa en Galicia.



Que requisitos se deben cumprir?

Calquera membro dunha familia numerosa de Galicia que, cumprindo os requisitos necesarios para estar incluídos dentro do título oficial de familia numerosa, soliciten a expedición do carné familiar.



Cales son os beneficios?

O carné familiar dá acceso a vantaxes e beneficios establecidos polas entidades colaboradoras. As persoas titulares tamén poderán facer reclamacións formais no caso de que algunha entidade colaboradora non levase a cabo as vantaxes ou descontos estipulados.

As entidades colaboradoras poden ser persoas, empresas e entidades adheridas ao programa, que se identificarán mediante un adhesivo colocado nun lugar visible. O carné acompáñase dun exemplar da Guía de Recursos e Servizos por unidade familiar, que se entregará de balde. Tamén se pode atopar a listaxe de entidades na guía en internet do carné familiar.



Atención e asesoramento

Podes solicitar o carné familiar galego en calquera dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar.

<http://traballoebenefitar.xunta.es>

Telf.: 981 957 027

<http://www.familiasgalegas.org>

<http://benestar.xunta.es>

Ligazón ao formulario para a [solicitud do carné familiar galego](#).

Ligazón ao formulario para a [renovación en liña do carné familiar galego](#).

Ligazón á [guía de entidades colaboradoras](#).

AXUDA ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO DESTINADAS A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO



Que é?

É unha axuda económica de pagamento único equivalente a seis meses de subsidio con carácter xeral por desemprego destinadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero que teñan rendas non superiores, en cómputo mensual, ao 75% do SMI e polas súas circunstancias teñan dificultades para obter emprego.



Persoas beneficiarias: requisitos

- Ser vítima de violencia de xénero
- Estar empadroadada e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego.
- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.



Contía e duración

O importe desta axuda será, con carácter xeral, equivalente ao de seis meses do subsidio por desemprego vixente. Se se reúnen certas circunstancias o importe:

Será o equivalente a 12 meses de subsidio por desemprego se:

- a vítima ten ao seu cargo un familiar ou menor acollido/a,
- a vítima ten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

AXUDA ECONÓMICA DE PAGAMENTO ÚNICO DESTINADAS A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Será o equivalente a 18 meses de subsidio por desemprego se:

- a vítima ten ao seu cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos/as ou un familiar e un menor acollido/a,
- a vítima ten ao seu cargo un familiar ou menor acollido/a e unha discapacidade igual ou superior ao 33% ela ou a persoa dependente.

Será o equivalente a 24 meses de subsidio por desemprego se:

- a vítima ten ao seu cargo dous ou máis familiares ou menores acollidos/as, ou un familiar e un menor acollido/a e unha discapacidade igual ou superior ao 33% ela ou algunha das persoas dependentes,
- a vítima de violencia de xénero con responsabilidades familiares ou o familiar ou menor acollido/a con quen conviva tivese recoñecido oficialmente un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.



Atención e asesoramento

Para máis información:

Secretaría Xeral da Igualdade

<http://mulleresengalicia.es>

Telf: 981 957 699

Ligazón ao formulario de [solicitude da axuda económica para mulleres vítimas de violencia de xénero](#).

INDEMNIZACIÓN DE PAGAMENTO ÚNICO DESTINADAS A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO



Que é?

É unha indemnización, de pagamento único, a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e das persoas dependentes económica ou asistencialmente dunha muller que sofra violencia de xénero que teñan dereito á percepción da indemnización, exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacela e, como consecuencia, se produza unha situación de precariedade económica.



Persoas beneficiarias: requisitos

- As mulleres que sufran violencia de xénero.
- As persoas menores de idade que dependan dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas maiores de idade que dependan economicamente dunha muller que sufra violencia de xénero.
- As persoas dependentes baixo o coidado dunha muller que sufra violencia de xénero.
- Estar empadroadada e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ter dereito á percepción dunha indemnización, por danos e perdas derivados dunha situación de violencia de xénero, recoñecida nunha resolución xudicial firme ditada por un xulgado ou tribunal con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer a indemnización por insolvencia do obrigado ao pagamento.
- Que a persoa beneficiaria se atope nunha situación de precariedade económica como consecuencia da falta de pagamento da indemnización xudicialmente recoñecida.

INDEMNIZACIÓN DE PAGAMENTO ÚNICO DESTINADAS A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO



Contía e duración

A contía da indemnización que se aboará será, sen prexuízo do disposto no seguinte parágrafo, a fixada pola resolución xudicial correspondente que quede pendente de pagamento tras a declaración de insolvencia do obrigado a este.

A contía máxima da indemnización establécese en 6.000 euros por cada persoa beneficiaria.



Atención e asesoramento

Para máis información:

Secretaría Xeral da Igualdade

<http://mulleresengalicia.es>

Telf: 981 957 699

Ligazón ao formulario de [solicitud de indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero](#).

AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO



Que son?

Son axudas económicas dirixidas a mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.



Persoas beneficiarias: requisitos

Para poder ser beneficiaria, a solicitante deberá reunir os seguintes requisitos dende a data de solicitude ata que se resolva esta e durante a súa percepción:

- Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia. Esta condición acredítase con algún dos documentos establecidos emitido dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude. Estes documentos son:
 - 1.- Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a secretario/a xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - 2.- Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero.
 - 3.- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.
 - 4.- Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.
 - 5.- Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla a dita condición e a data en que se produciu o cesamento da convivencia.

AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

- Ter cesado a convivencia co agresor dentro dos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude.
- Estar empadroada e residir na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.
- Percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que, reunindo estes requisitos, percibisen con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27º da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

**Contía e duración**

A contía que poderá acadar esta axuda establécese en función das rendas e dos ingresos da solicitante da axuda en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente anualmente, de acordo coas seguintes especificacións:

Se os ingresos da solicitante son iguais ou inferiores ao IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:

- a) Con carácter xeral: 600 euros/mes.
- b) Cunha/un filla/o menor a cargo ou cando a vítima teña unha discapacidade $\geq 33\%$: 650 euros/mes.
- c) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$: 700 euros/mes.
- d) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo: 700 euros/mes.
- e) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$: 800 euros/mes.
- f) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: 800 euros/mes.

Se os ingresos da solicitante son superiores ao IPREM vixente e iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:

AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

- a) Con carácter xeral: 300 euros/mes.
- b) Cunha/un filla/o menor a cargo ou cando a vítima teña unha discapacidade $\geq 33\%$: 350 euros/mes.
- c) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$: 400 euros/mes.
- d) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo: 400 euros/mes.
- e) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 33\%$: 500 euros/mes.
- f) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade $\geq 65\%$ ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: 500 euros/mes.

**Atención e asesoramento**

Secretaría Xeral da Igualdade

<http://mulleresengalicia.es>

Telf: 981 957 699

Ligazón ao formulario de [solicitud da axuda periódica de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero](#).

DEDUCCIÓN POR NACIMIENTO OU ADOPCIÓN DE FILLAS OU FILLOS



Que é?

Dedución sobre a parte autonómica da cota íntegra, que calquera persoa residente en Galicia pode practicar por cada filla ou fillo nacida ou nacido ou adoptada ou adoptado no período impositivo e que conviva co contribuínte na data de devengo do imposto.



Cal é o importe a deducir?

Aquelas familias nas que naceran ou adoptaran a primeira filla ou primeiro fillo ou posteriores durante o período impositivo, poden deducir da parte autonómica da cota íntegra do imposto.

Parto normal	300 euros sen límite de ingresos
Parto múltiple	360 euros sen límite de ingresos



Cantos períodos impositivos pode realizarse esta dedución?

Esténdese aos dous períodos impositivos seguintes ao de nacemento ou adopción, sempre que a filla ou fillo conviva co contribuínte na data de devengo do imposto.

Os límites de dedución serán os seguintes, en función do importe da base imponible minorada no mínimo persoal e familiar:

Base minorada entre 22.001 euros e 31.000 euros	300 euros
Base minorada menor ou igual a 22.000 euros	360 euros

Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción ou nos dous seguintes, as fillas ou fillos convivan con ambos proxenitores ou adoptantes, a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada un deles.



Atención e asesoramento

Agencia Estatal de Administración Tributaria

Tel.: 901 200 345 / 901 335 533

<http://www.agenciatributaria.es>



DEDUCCIÓN POR COIDADO DE FILLAS OU FILLOS DE ATA TRES ANOS DE IDADE



Que é?

É unha dedución que poden practicar aquelas persoas contribuíntes que por motivos de traballo por conta propia ou allea, teñan que deixar as súas fillas ou os seus fillos menores ao coidado dunha persoa que teña a condición de empregada do fogar ou en garderías.



Cal é o importe a deducir?

Poderanse deducir o 30% das cantidades satisfeitas no período, co límite máximo de 200 euros. Cando as persoas contribuíntes teñan dereito á aplicación desta dedución, practicarase a mesma, por partes iguais, na declaración de cada unha delas.



Persoas beneficiarias: requisitos

- Que as fillas ou fillos convivan coa persoa contribuínte e teñan tres ou menos anos de idade no momento do devengo do imposto.
- Que a nai e o pai realicen unha actividade por conta propia ou allea, e teñan a alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade.
- Ter residencia habitual na comunidade autónoma galega.
- Que no suposto de que a dedución sexa aplicable por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta estea dada de alta no réxime especial de empregadas ou empregados do fogar da Seguridade Social.
- Que a base imponible total minorada no mínimo persoal e familiar non exceda de 22.000 € en declaración individual e 31.000 € en declaración conxunta.



Atención e asesoramento

Agencia Estatal de Administración Tributaria

Telf: 901 200 345 / 901 335 533

<http://www.agenciatributaria.es>



DEDUCCIÓN POR ACOLLEMENTO



Que é?

É unha dedución aplicable ás persoas contribuíntes que acollan a un ou unha menor.



Cal é o importe a deducir?

O importe a deducir é de 300 euros por cada menor en réxime de acollemento familiar simple, permanente, provisional ou preadoptivo, administrativo ou xudicial, formalizado polo órgano competente en materia de menores da Xunta de Galicia.



Persoas beneficiarias: requisitos

- Que convivan co menor máis de 183 días durante o período impositivo. Se o tempo de convivencia durante o período impositivo fose inferior a 183 días e superior a 90 días, a dedución será de 150 € por cada menor acollido.
- Non poden ter relación de parentesco.

Non dará lugar a esta dedución o suposto de acollemento familiar preadoptivo cando se producise a adopción do ou da menor durante o período impositivo.

No caso de acollemento de menores por matrimonio, ou polas parellas de feito, ratearase o importe da dedución por partes iguais na declaración de cada un deles, se optasen pola declaración individual.



Atención e asesoramento

Agencia Estatal de Administración Tributaria

Telf: 901 200 345 / 901 335 533

<http://www.agenciatributaria.es>



DEDUCCIÓN POR FAMILIA NUMEROSA



Que é?

É unha dedución á que se poden acoller as persoas contribuíntes que teñan o título de familia numerosa en vigor na data de devengo do imposto. Esta dedución practicarase pola persoa contribuínte coa cal convivan os restantes membros da familia numerosa.



Cal é o importe a deducir?

Para as de categoría xeral	250 euros
Para as de categoría especial	400 euros

Cando algunha ou algún dos cónxuxes ou descendentes aos que lles sexa aplicable o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65%, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente.



Atención e asesoramento

Agencia Estatal de Administración Tributaria

Telf: 901 200 345 / 901 335 533

<http://www.agenciatributaria.es>

SERVIZOS E RECURSOS

Na Comunidade Autónoma de Galicia existen diferentes servizos e recursos que teñen como finalidade atender as necesidades que poden derivarse da situación de maternidade. De seguido indícanse algúns destes servizos e recursos:

Servizos e recursos de información:

- Portal web das familias galegas
- Teléfono da muller
- Centros de Información á Muller

Servizos e recursos sanitarios:

- Centros de Saúde
- Servizos de pediatría
- Atención primaria
- Medicina xeral de familia e pediátrica
- Matronas
- Orientación familiar

Servizos e Recursos de atención a infancia:

- Rede galega de escolas infantís
- Medidas municipais de conciliación

Servizos e recursos para a atención de situacións específicas:

- Gabinetes de orientación familiar
- Puntos de encontro familiar
- Rede galega de acollida para mulleres maltratadas
- Programa de mediación familiar

Outros recursos:

- Entidades sen ánimo de lucro con programas de apoio ás mulleres xestantes en Galicia
- Residencias de tempo libre
- Programa de estadías de tempo libre para mulleres soas con responsabilidades familiares non compartidas.
- Programa Aluga

Tamén existen recursos de carácter local que teñen coma finalidade atender as necesidades que poden derivarse da situación de maternidade. Podes contactar co teu concello para solicitar información.

PORTAL WEB DAS FAMILIAS GALEGAS



Que é?

Web de asesoramento e información onde se recollen todos os recursos destinados ás familias galegas.

O seu enderezo é <http://www.familiasgalegas.org>.



TELÉFONO DA MULLER: 900 400 273



Que é?

É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día con cobertura para toda Galicia.

O Teléfono da Muller está integrado por un equipo multidisciplinar que ten por finalidade informar e asesorar sobre cuestións relacionadas coas seguintes materias:

- Separacións, divorcios, abandonos do fogar, sentenzas incumpridas...
- Malos tratos, vexacións, ameazas, agresións sexuais, acoso sexual...
- Cursos ocupacionais, oposicións, bolsas de emprego, creación de empresas...
- Discriminación laboral, permisos de maternidade e paternidade, apoio á contratación...
- Servizos sociais, casas de acollida, centros de información á muller, programas para mulleres desfavorecidas, gabinetes de orientación familiar..
- Educación para a igualdade, materiais didácticos non sexistas, publicidade discriminatoria para coas mulleres...
- Apoio ao asociacionismo, xornadas, seminarios, subvencións a asociacións, publicacións...
- Políticas de igualdade, proxectos europeos, actuacións de medidas doutros organismos de igualdade...



Como funciona?

Chamando ao 900 400 273. As chamadas son respondidas por un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes profesionais de toda Galicia. O teléfono está dispoñible en 51 idiomas, o que facilita a atención personalizada das persoas de orixe estranxeira. Os seus obxectivos son:

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Podes consultar máis información na seguinte ligazón: <http://mulleresengalicia.es>



CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM)



Que son?

Os Centros de Información á Muller (CIMs) constitúen un servizo público e gratuito de información, atención e asesoramento a nivel social, xurídico e psicológico mediante persoal cualificado co obxectivo de promover a igualdade entre mulleres e homes.

Dentro do seu ámbito territorial e na súa área de influencia, desenvolven, entre outras, as seguintes funcións:

- Información e asesoramento xurídico.
- Atención psicolóxica.
- Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial.
- Difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

Na seguinte ligazón podes atopar a [**localización dos Centros de Información ás Mulleres que existen en Galicia.**](#)



CENTROS DE SAÚDE



Que son?

O modelo do Sistema Público de Saúde de Galicia establece que a atención esencial da saúde é prestada polo nivel de atención primaria nos centros de saúde u consultorios, situados preto do lugar de residencia da cidadanía.

A medicina xeral ou de familia está ao alcance de todos os individuos e familias galegas para resolver problemas de saúde comúns, realizar actividades preventivas e garantir a atención integral e continuada das/dos pacientes.

Ligazón ao [buscador de centros de saúde próximos a túa residencia](#).



SERVIZOS DE PEDIATRÍA



Que son?

Os servizos de pediatría de atención primaria prestan atención ás nenas e nenos que residen preto do centro de saúde. Nalgúns concellos, a atención da infancia realízase por especialistas en medicina de familia, co apoio a tempo parcial dun/dunha pediatra. A fin de garantir unha asistencia personalizada e próxima teñen un número máximo de poboación infantil ao seu cargo.



Funcións

Coñece ás nenas e nenos desde o nacemento ata a adolescencia, integradas/os no seu entorno familiar e comunitario, e realiza unha atención enfocada no só á curación e solución de problemas, se non que pode anticiparse ao diagnóstico e prevención de enfermidades. En caso de que presente problemas crónicos, a/o pediatra convértese no garante da continuidade da asistencia e no/a coordinador/a da asistencia entre os distintos profesionais e niveis sanitarios.

Os programas máis relevantes son:

- Vacinacións infantís de 0 a 14 anos.
- Programa da/o nena/o sana/o:
 1. Revisións de 0 a 23 meses.
 2. Revisións de 2 a 5 anos.
 3. Revisións de 6 a 14 anos.
 4. Educación para a saúde.
 5. Saúde bucodental.



Libre elección

A libre elección de pediatra pode exercerse no centro de saúde máis próximo ao seu lugar de residencia. O sistema recomenda a elección dun ou dunha profesional que traballe nun centro de saúde do concello de residencia da cidadá ou cidadán, pero non limita esta elección. Non obstante, as/os profesionais desenvolven as súas actividades dentro dun ámbito xeográfico concreto, polo que resulta aconsellable que o médico de cabeceira traballe dentro do ámbito do noso domicilio.

Se a/o profesional elixido ten acadada a cota máxima de poboación, a/o solicitante deberá obter a conformidade previa da/o pediatra que selecciona. En centros cunha importante poboación asignada, aplícanse criterios de ordenación á atención pediátrica, de forma que a elección de pediatra está condicionada á elección de médico de familia.

ATENCIÓN PRIMARIA



Que é?

O obxectivo da atención primaria é atender os problemas de saúde desde unha perspectiva integral, continua e próxima ao domicilio dos/as pacientes, a tendencia do sistema sanitario é facilitar cada vez máis servizos a este nivel. A atención primaria é proporcionada por un equipo de diferentes especialidades e disciplinas, tales como, a medicina de familia, a enfermaría, a pediatría, a farmacia, a odontoloxía ou a fisioterapia.



Funcións

A atención primaria realiza actividades de promoción da saúde, vixilancia e información, diagnóstico e tratamento. Estes servizos ofrécense con carácter ordinario, nos centros de saúde en horario habitual, e con carácter continuado, a través dos dispositivos de urxencias.



Máis información

Ligazón á [oferta asistencial en atención primaria](#).



MEDICINA XERAL DE FAMILIA



Que é?

A atención sanitaria dos adultos é realizada por especialistas en medicina de familia. Desenvolven as súas actividades nun centro de saúde ou varios, durante unha xornada na que poden estar de presenza ou a disposición das e dos pacientes que precisen da súa atención. A fin de garantir unha asistencia personalizada e próxima, os facultativos teñen un número máximo de poboación ao seu cargo.



Funcións

As áreas nas que centran a súa actividade son:

- Atención ao adolescente, adulto e ancián.
- Actividades preventivas.
- Atención ao paciente crónico.
- Atención domiciliaria concertada/programada.
- Educación sanitaria.
- Atención á muller.
- Atención ao neno san.

Tamén realizan outros servizos:

- Atención continuada.
- Cirurxía menor.
- Fisioterapia.
- Traballo Social.

Cando o consideran oportuno apóianse noutras unidades especializadas, chamadas Unidades Funcionais de Apoio, que poden situarse ou non no centro de saúde, tales como: atención bucodental, matronas, fisioterapia, dispositivos de saúde mental e centros de orientación familiar.

MATRONAS



Que son?

As matronas traballan de forma integrada co equipo de atención primaria e participan en todas as actividades de atención dos centros de saúde. Ademais, coordínanse co hospital da área para o seguimento de certas actividades coma a atención ao embarazo.



Funcións

Os servizos ofertados polas matronas son educativos, de participación ou asistenciais:

- Atención do embarazo desde o seu coñecemento ata o momento do parto mediante exames periódicos nos embarazos normais (programa de seguimento do embarazo).
- Educación para a maternidade (coidado da muller e do neno, capacitación dos pais para a súa participación en el período de xestación, parto e lactancia).
- Coidados e recuperación física da nai.
- A atención ao recién nado.
- Información sobre planificación familiar (métodos anticonceptivos e sexualidade) e remisión ao centro de planificación familiar, nos casos en que se considere necesario.
- Atención á muller climatérica.
- Información sobre diagnóstico prenatal, xenético e infertilidade.

ORIENTACIÓN FAMILIAR



Que é?

A orientación familiar é un servizo de información e asesoramento sobre diferentes aspectos da saúde afectivo-sexual a través de un equipo de profesionais integrado por xinecologas/os, matronas, psicólogas/os e traballadores sociais. Sitúanse en ambulatorios e centros de saúde que atendan unha determinada zona xeográfica.



Funcións

Os servizos de orientación familiar ofertados son:

- Orientación para a elección do método anticonceptivo que mellor se axuste ás necesidades.
- Asesoramento sobre os beneficios e contras do método elixido.
- Protección e diminución de posibles riscos dos métodos anticonceptivos.
- Recoñecementos xinecolóxicos, citoloxías e exploración das mamas.
- Probas de embarazo.
- Diagnóstico e tratamento de enfermidades de transmisión sexual.
- Anticoncepción de emerxencia. Prescrición da píldora poscoital ou das 72 horas.
- Información sobre o aborto.
- Consulta para mozos e mozas, onde se poden resolver as dúbidas sobre sexualidade.



Máis información

Ligazón ao [listado de unidades de orientación familiar](#).



REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTÍS



Que son?

Escolas infantís para nenas e nenos de 0 a 3 anos. Ofrecen o primeiro ciclo de educación infantil. Existen varios tipos de escolas infantís en Galicia:

Dependentes de	Máis información	Listaxe de Centros
Consellería de Traballo e Benestar	Na consellería de Traballo e Benestar	Listaxe de centros da Consellería de Traballo e Benestar
Concellos	Na mesma escola ou no concello do que dependa	
Consortio Galego de servizos de Igualdade e Benestar	Na mesma escola ou dirixíndose ao Consortio	Listaxe de centros do Consortio Galego de servizos de Igualdade e Benestar
Entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro	Na mesma escola	
Privadas adheridas ao programa do cheque infantil	Na mesma escola	



Funcións

As escolas infantís teñen como obxectivos principais:

- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos nenos e nenas presentando contornos educativos de calidade en colaboración coas familias.
- Compensar as desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais atendendo á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades dos nenos e nenas e das súas familias.

- c) Responder ás necesidades das familias na educación e crianza dos seus fillos e fillas, adaptando de maneira flexible a organización e os servizos que prestan os centros como instrumento para favorecer a conciliación entre a vida familiar, laboral e persoal.
- d) Procurar a corresponsabilidade entre a escola e as familias na educación e atención dos nenos e nenas, establecendo lugares de encontro entre os dous ámbitos responsables da educación dos nenos e das nenas.
- e) Construír un modelo educativo democrático e plural abrindo os centros á participación de toda a comunidade educativa.
- f) Desenvolver procesos educativos de calidade fomentando a colaboración entre familias, profesionais, centros, diferentes administracións e o conxunto da sociedade.
- g) Fomentar a igualdade efectiva entre os nenos e nenas promovendo actividades e comportamentos que favorezan o exercicio da igualdade de dereitos e oportunidades.



Quen se pode beneficiar?

As familias con nenos e nenas entre 0 e 3 anos. Na adxudicación das prazas tamén se terán en conta os seguintes factores:

- A necesidade de integración de nenos e nenas con discapacidade,
- A condición de familia numerosa
- Monoparentalidade
- Outro tipo de incidencias familiares, económicas e sociais.



Atención e asesoramento

Nas propias escolas infantís e segundo o organismo titular.

Consellería de Traballo e Benestar

Se queres máis información:

<http://benestar.xunta.es/web/portal/escolas-infantis>

A galiña azul, rede de escolas infantís de Galicia: <http://escolasinfantis.net/>

Departamentos territoriais da consellería.

A Coruña: 981 185 700

Lugo: 982 294 202

Ourense: 988 386 149

Pontevedra: 986 817 089

Dirección Xeral de Familia e Menores: 981 545 666

<http://www.familiasgalegas.org>

Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar

Teléfono: 981 568 705

<http://www.igualdadebenestar.org>

MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN



Que son as medidas municipais de conciliación?

As medidas municipais de conciliación son os servizos de apoio creados pola Administración pública para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Proporcionan diferentes modelos de flexibilidade, acorde ás necesidades locais.



Principais medidas municipais de conciliación

- Programas de tempo na cidade.
- Bancos de tempo.
- Outras medidas de conciliación.



Programas de tempo na cidade

Os programas de tempo na cidade pretenden unha coordinación dos horarios da cidade coas exixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.



Bancos de tempo

Os bancos de tempo xurden coa finalidade de facilitarlle ás persoas a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

MEDIDAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN



Outras medidas municipais de conciliación

Os concellos desenvolven outras medidas municipais de conciliación de promoción autonómica, dentro do seu ámbito territorial e na súa área de influencia:

Ares

Medida municipal de conciliación: Divertixogos

Enderezo:

Rúa do Real, 81

15624 Ares, A Coruña

Teléfono: 981 448 354

Páxina web: <http://www.concellodeares.com>



Arteixo

Medida municipal de conciliación: Estamos de vacacións

Enderezo:

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1

15142 Arteixo, A Coruña

Teléfono: 981 600 009

Páxina web: <http://www.arteixox.org>



Arzúa

Medida municipal de conciliación: Concilia con Xogarzúa

Enderezo:

Rúa Santiago, 2

15810 Arzúa, A Coruña

Teléfono: 981 500 000

Páxina web: <http://concellodearzua.com/>



Boqueixón

Medida municipal de conciliación: Campamento urbano: LudoVerán en Boqueixón

Enderezo:

Forte S/N

15881 Boqueixón, A Coruña

Teléfono: 981 513 061

Páxina web: <http://www.boqueixon.com/>



Brión

Medidas municipais de conciliación: Apoio educativo - Bos días cole - Conciliabrión

Enderezo:

Carballeira de Santa Minia, nº2

15865 Pedrouzos, Brión, A Coruña

Teléfono: 981 887 006

Páxina web: <http://www.concellodebrion.org>



Cabana de Bergantiños

Medida municipal de conciliación: Programa meniñeiro

Enderezo:

A Carballa, s/n

15115 Cabana de Bergantiños, A Coruña

Teléfono: 981 754 020

Páxina web: <http://www.concello-cabana.es>



Cabanas

Medida municipal de conciliación: Mencer na escola

Enderezo:

Rúa do Concello, 3

15621 Cabanas, A Coruña

Teléfono: 981 495 959

Páxina web: <http://www.cabanas.es>



Camariñas

Medida municipal de conciliación: Conciliar é cousa de todos

Enderezo:

Praza de Insuela 57

15123 Camariñas, A Coruña

Teléfono: 981 736 000

Páxina web: <http://www.camarinas.net>



Carballo

Medida municipal de conciliación: Concilia verán

Enderezo:

Praza do Concello, s/n
15100 Carballo, A Coruña

Teléfono: 981 704 100

Páxina web: <http://www.carballo.org/>



Cariño

Medida municipal de conciliación: Concilia Cariño

Enderezo:

Avenida da Paz, 2
15360 Cariño, A Coruña

Teléfono: 981 405 064

Páxina web: <http://www.concellodecarino.com/>



Carnota

Medida municipal de conciliación: Conciliamos con xuvenís

Enderezo:

Praza de San Gregorio, 19
15293 Carnota, A Coruña

Teléfono: 981 857 032

Páxina web: <http://www.concellodecarnota.com/>



Coirós

Medida municipal de conciliación: Concilia Coirós

Enderezo:

Coiros de Arriba, 16
15316 Coirós, A Coruña

Teléfono: 981 796 414

Páxina web: <http://www.concellodecoiros.com/>



Curtis

Medida municipal de conciliación: Concilia no verán

Enderezo:

Plaza de España, 1
15310 Teixeira, A Coruña

Teléfono: 981 789 003

Páxina web: <http://www.concellodecurtis.org/>



Dodro

Medida municipal de conciliación: Programa de conciliación familiar, persoal e laboral

Enderezo:

Tallos, 32
15981 Dodro, A Coruña

Teléfono: 981 802 062

Páxina web: <http://www.concellodedodro.org/>



Ferrol

Medida municipal de conciliación: Respirando II

Enderezo:

Praza de Armas, s/n

15402 Ferrol, A Coruña

Teléfono: 981 944 000

Páxina web: <http://www.ferrol.es/>



Irixoa

Medida municipal de conciliación: Programa Respira

Enderezo:

Pazo de Irixoa, 6 A

15313 Irixoa, A Coruña

Teléfono: 981 793 001

Páxina web: <http://www.irixoa.es/>



Laracha, A

Medida municipal de conciliación: Programa Harmoniza

Enderezo:

Praza do Concello, s/n

15145 A Laracha, A Coruña

Teléfono: 981 605 001

Páxina web: <http://www.concellolaracha.com/>



Lousame

Medida municipal de conciliación: Lousame concilia

Enderezo:

Portobravo, 1

15214 Lousame, A Coruña

Teléfono: 981 820 494

Páxina web: <http://www.concellodelousame.com/>



Mesía

Medida municipal de conciliación: Programa Respira Mesía

Enderezo:

Xanceda, s/n

15685 Mesía, A Coruña

Teléfono: 981 687 001

Páxina web: <http://concellodemesia.es/>



Mugardos

Medida municipal de conciliación: Espazo infantil de xogo

Enderezo:

Avenida de Galiza, 45

15620 Mugardos, A Coruña

Teléfono: 981 470 290

Páxina web: <http://concellodemugardos.org/>



Neda

Medida municipal de conciliación: Conciliamos xogando

Enderezo:

Avenida de Algeciras, 34

15510 Neda, A Coruña

Teléfono: 981 380 039

Páxina web: <http://www.neda.es>



Ordes

Medida municipal de conciliación: Ordes concilia en igualdade

Enderezo:

Alfonso Senra, 108

15680 Ordes, A Coruña

Teléfono: 981 680 002

Páxina web: <http://www.concellodeordes.com/>



Oroso

Medida municipal de conciliación: Concilia Oroso: tardes divertidas e bo proveito

Enderezo:

Praza Isaac Díaz Pardo, 1

15888 Sigüeiro, A Coruña

Teléfono: 981 691 478

Páxina web: <https://www.concellooroso.com/>



Outes

Medida municipal de conciliación: Conciliamos os sábados

Enderezo:

Vila, 1

15230 Outes, A Coruña

Teléfono: 981 850 003

Páxina web: <http://www.outes.es/>



Pino, O

Medida municipal de conciliación: Programa de conciliación en período escolar

Enderezo:

Rúa do Concello, s/n

15821 Pedrouzo, Arca, A Coruña

Teléfono: 981 511 002

Páxina web: <http://www.concellodeopino.com/>



Ponteceso

Medida municipal de conciliación: Programa Respira

Enderezo:

Rúa do Concello, 18

15110 Ponteceso, A Coruña

Teléfono: 981 714 000

Páxina web: <http://www.ponteceso.es/>



Roís

Medida municipal de conciliación: Tempo de lecer

Enderezo:

Samil, 1

15911 Roís, A Coruña

Teléfono: 981 804 109

Páxina web: <http://www.concelloderois.org>



Teo

Medida municipal de conciliación: Servizo madrugadores

Enderezo:

Urb. Mirasol, s/n

15883 Cacheiras, Teo, A Coruña

Teléfono: 981 806 400

Páxina web: <http://concellodeteo.com/>



Vilasantar

Medida municipal de conciliación: Campamento de verán

Enderezo:

Ru, s/n

15807 Vilasantar, A Coruña

Teléfono: 981 778 169

Páxina web: <http://www.vilasantar.com/>



Vimianzo

Medida municipal de conciliación: Ludoteca municipal

Enderezo:

Praza do Concello, 6
15129 Vimianzo, A Coruña

Teléfono: 981 716 001

Páxina web: <http://www.vimianzo.es/>



Alfoz

Medida municipal de conciliación: Apertura do CEIP fóra do horario lectivo

Enderezo:

A Seara, s/n
27773 Alfoz, Lugo

Teléfono: 982 558 581

Páxina web: <http://www.concellodealfoz.com/>



Becerreá

Medida municipal de conciliación: Actividades para nenas e nenos de 3 a 12 anos en períodos non lectivos

Enderezo:

Praza do Concello, s/n
27640 Becerreá, Lugo

Teléfono: 982 360 004

Páxina web: <http://www.concellodebecerreia.com/>



Láncara

Medida municipal de conciliación: Campamento urbano verán-concilia

Enderezo:

Rosalía de Castro, 17

27360 Luncara, Lugo

Teléfono: 982 543 077

Páxina web: <http://www.concellodelancara.com/>



Outeiro de Rei

Medida municipal de conciliación: Programa municipal de conciliación familiar e apoio á educación

Enderezo:

Praza do Concello, 1

27150 Outeiro de Rei, Lugo

Teléfono: 982 393 281

Páxina web: <http://www.outeiroderei.org/>



Ribadeo

Medida municipal de conciliación: Ribadeo unha vila para a conciliación

Enderezo:

Pza. de España, 1

27700 Ribadeo, Lugo

Teléfono: 982 128 650

Páxina web: <http://www.ribadeo.org/>



Sarria

Medida municipal de conciliación: Campamento urbano verán-concilia

Enderezo:

C/ Maior, 14

27600 Sarria, Lugo

Teléfono: 982 535 000

Páxina web: <http://sarria.es/>



Taboada

Medida municipal de conciliación: Verán en Taboada

Enderezo:

Pza. General Muínelo, 1

27550 Taboada, Lugo

Teléfono: 982 465 301

Páxina web: <http://www.concellodetaboada.com/>



Valadouro, O

Medida municipal de conciliación: Apertura do CEIP fóra do horario lectivo

Enderezo:

Feira Nova, 1

27770 Ferreira do Valadouro, Lugo

Teléfono: 982 574 000

Páxina web: <http://www.valadouro.org>



Vilalba

Medida municipal de conciliación: Campamento de verán

Enderezo:

Praza da Constitución, 1

27800 Vilalba, Lugo

Teléfono: 982 465 301

Páxina web: <http://vilalba.org/>



Viveiro

Medida municipal de conciliación: Programa Respira

Enderezo:

Pza. Maior, s/n

27850 Viveiro, Lugo

Teléfono: 982 560 128

Páxina web: <http://www.viveiro.es/>



Allariz

Medida municipal de conciliación: Aula de espera

Enderezo:

Pza. Maior, 1

32660 Allariz, Ourense

Teléfono: 988 440 001

Páxina web: <http://www.allariz.com/>



Bola, A

Medida municipal de conciliación: Programas de fomento da conciliación

Enderezo:

Campo de Veiga, 4

32812 A Bola, Ourense

Teléfono: 988 451 293

Páxina web: <http://www.concelloabola.es/>



Carballiño, O

Medida municipal de conciliación: Bo día familia

Enderezo:

Pza. Maior, 1

32500 O Carballiño, Ourense

Teléfono: 988 530 007

Páxina web: <http://www.carballino.org/>



Castro Caldelas

Medida municipal de conciliación: Aventura de verán en Castro Caldelas

Enderezo:

Campo de Veiga, 4

32760 Castro Caldelas, Ourense

Teléfono: 988 203 000

Páxina web: <http://www.castrocaldelas.es/>



Maceda

Medida municipal de conciliación: Mañanceiros

Enderezo:

Rúa do Toural, 2

32700 Maceda, Ourense

Teléfono: 988 463 001

Páxina web: <http://www.concellodemaceda.org>



Mancomunidade Terra de Celanova

Medida municipal de conciliación: Bo día familia

Enderezo:

Barrio da Ermida, 39 b

32800 Celanova, Ourense

Teléfono: 988 451 646

Páxina web: <http://www.terradecelanova.es>



Pobra de Trives, A

Medida municipal de conciliación: Campamento de verán. Xogando en igualdade

Enderezo:

San Roque, 4-1º

32780 Pobra de Trives, Ourense

Teléfono: 988 330 000

Páxina web: <http://www.apobradetrives.es/>



Vilar de Santos

Medida municipal de conciliación: Mañanceiros

Enderezo:

Celanova, 77

32650 Maceda, Ourense

Teléfono: 988 465 883

Páxina web: <http://www.vilardesantos.com/>



Cerdedo

Medida municipal de conciliación: Ludoteca de verán

Enderezo:

Praza do Concello, 1

36130 Cerdedo, Pontevedra

Teléfono: 986 753 006

Páxina web: <http://www.cerdedo.org/>



Cotobade

Medida municipal de conciliación: Conciliación familiar en época estival

Enderezo:

Chan, 11

36856 Carballido, Cotobade, Pontevedra

Teléfono: 986 760 001

Páxina web: <http://www.concellodecotobade.org>



Gondomar

Medida municipal de conciliación: Gondoverán

Enderezo:

Pza. Dr. Latino Salgueiro, 1
36380 Gondomar, Pontevedra

Teléfono: 986 360 125

Páxina web: <http://www.concellodegondomar.com/>



Marín

Medida municipal de conciliación: Programa Marinconcilia

Enderezo:

Avd. Ourense, s/n
36900 Marín, Pontevedra

Teléfono: 986 880 300

Páxina web: <http://www.marin.es/>



Nigrán

Medida municipal de conciliación: Campamento de verán

Enderezo:

Praza da Constitución, s/n
36350 Nigrán, Pontevedra

Teléfono: 986 365 000

Páxina web: <http://www.nigran.org/>



Porriño, O

Medida municipal de conciliación: Campamento de verán

Enderezo:

Antonio Palacios, s/n
36400 Porriño, Pontevedra

Teléfono: 986 335 000

Páxina web: <http://www.concellodoporrino.net/>



Redondela

Medida municipal de conciliación: Programa Respira

Enderezo:

Alfonso XII, 2
36800 Redondela, Pontevedra

Teléfono: 986 400 300

Páxina web: <http://www.redondela-server.net>



Valga

Medida municipal de conciliación: Escola de verán

Enderezo:

Avda. da Coruña, 14
36645 Valga, Pontevedra

Teléfono: 986 559 456

Páxina web: <http://www.valga.es>





Quen pode inscribirse?

Todas as persoas empadroadas no correspondente municipio.



Atención e asesoramento

Para obter máis información das medidas municipais de conciliación podes dirixirte ás oficinas do teu concello.

Ligazón ao [catálogo público de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica](#).

GABINETES DE ORIENTACIÓN FAMILIAR



Que son?

Os Gabinetes de Orientación Familiar (GOF) constitúen un recurso especializado no apoio e na promoción da calidade de vida das persoas e das familias, e na atención e prevención das diferentes situacións problemáticas que se poidan dar no ámbito da convivencia cotiá.



Funcións

- Informar e asesorar tecnicamente ás persoas sobre as problemáticas sociais, psicolóxicas e xurídicas nas que poideran estar envoltas na súa unidade de convivencia.
- Proporcionarlles ás familias o acceso aos recursos axeitados ás súas necesidades para o desenvolvemento de canles normalizadas de convivencia.
- Dotar as persoas e as familias das habilidades necesarias para afrontar as súas necesidades, proporcionándolles a autonomía suficiente para superar as dificultades e favorecer as relacións entre os seus membros.
- Evitar a instrumentalización das fillas e dos fillos ante as diferentes situacións de conflitividade.
- Restablecer e/ou mellorar as relacións entre pais/nais e as súas fillas e fillos menores, favorecendo formas de comunicación eficaces e respectuosas entre eles.
- Potenciar o recurso da mediación familiar como procedemento válido para a resolución de conflitos e para acadar acordos mutuamente aceptados.



Persoas beneficiarias: requisitos

Poderán ser beneficiarias deste servizo todas aquelas persoas con residencia en Galicia que consideren que na súa familia existe algún conflito: de parella, entre nais/pais e fillas/fillos ou coa familia extensa.

A atención das diferentes problemáticas familiares por parte dos Gabinetes de Orientación Familiar só poderá producirse por petición directa e voluntaria das persoas que así o requiran. Os Gabinetes respectarán e terán en conta as opinións de todos os membros da familia garantindo a confidencialidade e o segredo profesional.



Atención e asesoramento

Localidade	Dirección	Teléfono
A Coruña	Rúa Salvador de Madariaga, 9, 1ª planta. 15008 A Coruña	981 185 757
Lugo	Rolda da Muralla, 70. 27071 Lugo	982 294 371
Ourense	Camiño Prado Lonia, s/n. 32004 Ourense	988 386 128
Pontevedra	Concepción Arenal, 8, 1 planta . 36201 Vigo	986 817 085

Consellería de Traballo e Benestar

Subdirección de Familia e Menores

Telf.: 981 957 165

<http://www.familiasgalegas.org>



PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR



Que son?

Os Puntos de Encontro Familiar son un servizo idóneo e neutral onde se produce o encontro dos membros das familias nas que o exercicio do dereito de visitas está interrompido ou é conflictivo. Está atendido por profesionais e facilita a relación das nais e pais coas súas fillas e fillos garantindo a súa seguridade e benestar.



Función

- Favorecer o cumprimento do dereito fundamental das nenas e nenos a manter a relación con ambos proxenitores despois da separación, establecendo os vínculos necesarios para o seu bo desenvolvemento psíquico, afectivo e emocional.
- Preparar as nais e os pais para que consigan autonomía e poidan manter relacións coas súas fillas e fillos sen depender deste servizo.
- Garantir a seguridade das nenas e nenos durante o cumprimento do réxime de visita e previr situacións de violencia.



Prestación do servizo

Os Puntos de Encontro Familiar están integrados por equipos multidisciplinares, formados por profesionais con experiencia en intervención psicofamiliar, dereitos de familia e mediación familiar.

Intervencións levadas a cabo:

- Intercambio das/dos menores: Consiste na entrega e recollida da ou do menor no punto de encontro familiar.
- Visitas tuteladas: Son as que se desenvolven de forma controlada baixo a tutela dunha persoa profesional que orienta os proxenitores e as fillas e fillos, e supervisa o desenvolvemento do tempo que comparten.

- Intercambio das/dos menores con posibilidade de permanencia no punto de encontro familiar. Para aqueles supostos nos que o proxenitor/a con dereito a visita careza de vivenda na localidade ou esta non reúna as condicións axeitadas.

A este servizo accédese a través dos Gabinetes de Orientación Familiar das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Tamén por resolución xudicial pode acordarse o desenvolvemento das visitas no Punto de Encontro Familiar.



Atención e asesoramento

Localidade	Centro	Contacto
A Coruña	Centro Fonseca	981216097 cfonseca@jesgalicia.org
Ferrol	Asociación A Carón	981369217
Santiago	Asociación Encontro	981577595
Lugo	Asociación de mulleres separadas e divorciadas	982229861
Ourense	Asociación Punto Cero	667055954
Pontevedra	Asociación Aloumiño	986861999
Vigo	Asociación Aloumiño	986376108

Consellería de Traballo e Benestar

<http://www.familiasgalegas.org>

Teléfonos 981 544 622 / 981 957 165

Federación Galega de Puntos de Encontro Familiares, Fegapef

<http://www.fegapef.org/>

REDE GALEGA DE ACOLLIDA PARA MULLERES MALTRATADAS



Que é?

É unha rede de acollida que a Xunta de Galicia, en colaboración con concellos e outras institucións, ten artellada para actuar ante a situación de indefensión en que se atopan moitas mulleres en situación de violencia de xénero. A rede galega de acollida está formada por:

- Casas de acollida.
- Vivendas tuteladas.
- Centro de emerxencia.

Ademáis, as mulleres vítimas de violencia de xénero contan con outro servizo para facer fronte a súa situación e reforzar a súa autoestima, o programa de atención psicolóxica.



Casas de acollida

A rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero conta cunha dispoñibilidade de 97 prazas, distribuídas en cinco casas de acollida de titularidade municipal, localizadas en A Coruña, Culleredo, Ferrol, Lugo e Ourense, e un Centro de Emerxencias en Vigo, xestionado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar coa colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade. Esta rede está dotada cos recursos materiais e humanos axeitados para dar resposta a situacións extremas de indefensión ou risco, como espazo de protección no que as mulleres e as súas fillas e fillos menores poden residir por un período medio de tres meses, prorrogable se as circunstancias así o aconsellan.

O obxectivo deste servizo é que tanto as mulleres que sobren malos tratos coma os seus fillos e as súas fillas dispoñan dun tempo e un espazo no que poidan reorientar a súa situación persoal, facilitándolles as ferramentas elementais, tanto económicas coma psicosociais.

O acceso faise a través dos servizos sociais dos concellos.



Vivendas tuteladas

Destinadas a aquelas mulleres que despois de residir nunha casa de acollida necesitan un tempo mais prolongado para a súa inserción laboral e independencia económica do agresor sen correr riscos.

O acceso faise a través dos servizos sociais dos concellos.



Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero

Ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

Admitiranse no centro de emerxencia as mulleres maiores de idade, vítimas de malos tratos físicos, psíquicos, económicos ou sexuais e as persoas delas dependentes que requiran un aloxamento inmediato e urxente ou que carezan de recursos propios para afrontar a situación. En ningún caso se admitirán varóns maiores de idade.

Non se permitirá o ingreso no centro no caso de situacións de grave dependencia física e/ou psíquica.

Para ingresar no centro de emerxencia será necesario presentar unha solicitude por parte dos CIMs, dos servizos sociais do concello no que residan ou da entidade onde se atopen, asociacións legalmente recoñecidas e rexistradas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, Forzas e Corpos de Seguridade ou servizos sanitarios.

Podes consultar máis información na seguinte ligazón sobre os [centros de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero](#).



Tel.: 661 402 702

Correo electrónico: centro.de.emerxencia@igualdadebenestar.org





Programa de atención psicolóxica

O programa desenvólvese en colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia e ten como finalidade ofertar recursos terapéuticos que abran vías de recuperación a aquelas mulleres que estean a sufrir ou teñan sufrido violencia de xénero ou doméstica, e complementariamente, a menores e outras persoas dependentes delas que teñan pasado pola mesma situación. A través deste servizo ponse a disposición das vítimas de violencia de xénero unha rede de profesionais da psicoloxía con formación específica, que de xeito gratuíto realizan a intervención máis axeitada para cada caso.

Para acceder a este programa, que é gratuíto e anónimo, hai que se por en contacto co Colexio Oficial de Psicología de Galicia no teléfono 629 777 595, ou ben coa Secretaría Xeral da Igualdade no teléfono 981 545 351. Podes consultar máis información nas seguintes ligazóns: <http://www.copgalicia.es/> e <http://mulleresengalicia.es>.

PROGRAMA DE MEDIACIÓN FAMILIAR



Que é?

A mediación familiar é un procedemento de resolución de conflitos, extraxudicial e voluntario, que mediante a intervención dunha aersoa profesional, especializada no eido psico-socio-familiar e inscrita no Rexistro de Persoas Mediadoras de Galicia, trata de axudar as parellas que teñén ou tiveron unha relación. para resolver de mutuo acordo as consecuencias da separación, nulidade, divorcio ou ruptura da súa relación, e ofrecerlles unha solución pactada para a súa problemática.



Función

- Darlle á parella a oportunidade de separarse do xeito menos conflitivo posible.
- Axudar a parella a resolver por si mesma as discrepancias mantidas respecto da súa separación para que tome as decisións máis axeitadas, fomentando a coparentalidade e reducindo o risco de que as/os menores se utilicen como moeda de cambio na negociación.
- Conseguir acordos duradeiros e que se incumplan menos, xa que os pactos negociados e aceptados libremente perduran sobre os impostos.



Persoas beneficiarias: requisitos

As persoas unidas por vinculo matrimonial ou que formen unha unión estable de parella e que teñan iniciado ou vaian iniciar un procedemento de separación ou divorcio.

A mediación poden solicitala os dous membros da parella de común acordo, ou unha soa das partes coa posterior aceptación da outra.

A mediación será gratuíta para aquelas persoas que cumpran cos requisitos exixidos para teren dereito á asistencia xurídica gratuita. Noutro caso deberanse abonar os honorarios acordados coa persoa mediadora na primeira entrevista que se celebre. Esta primeira sesión non terá un custo superior a 40 euros.



Atención e asesoramento

Consellería de Traballo e Benestar

Edificio Administrativo de San Caetano. Edificio a Pirámide

15781 Santiago de Compostela

Tel.: 981 544 650

<http://traballoebenefar.xunta.es/>

Ligazón ao [formulario de solicitude de designación de mediadores familiares](#).

ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CON PROGRAMAS DE APOIO ÁS MULLERES XESTANTES EN GALICIA

En Galicia existen entidades de iniciativa social que desenvolven programas de apoio a mulleres xestantes e/ou lactantes, en situación de posible vulnerabilidade social e/ou laboral, dirixidos a evitar a exclusión destas mulleres promovendo accións para o seu desenvolvemento persoal, familiar e laboral. A Xunta de Galicia ven apoiando a realización destes programas a través de diversas liñas de axudas, como por exemplo as dirixidas a programas para mulleres e recursos integrais para xestantes e lactantes coa finalidade potenciar a autonomía das mulleres xestantes e/ou lactantes, proporcionándolles apoio, asesoramento e acompañamento, respecto aos recursos aos que poden optar pola súa situación persoal, económica ou social.

Tipos de programas:

- a) Asistencia básica e programas de apoio en centros de atención especializada.
- b) Información sobre recursos existentes para as mulleres xestantes e/ou lactantes e os seus fillos e fillas.
- c) Acompañamento social con medidas de apoio psicolóxico para a superación de cargas emocionais provocadas pola situación de embarazo ou maternidade.
- d) Orientación, asesoramento e busca de emprego.
- e) Adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal.
- f) Medidas de apoio urxente.

Alar Galicia: Programa “Súmate”

O programa “Súmate” esta dirixido as familias monoparentais formadas por mulleres, partindo da análise da súa situación socioeconómica que permita deseñar unha actuación concreta e específica axeitada a súa situación. O principal obxectivo do programa é potenciar a autonomía destas familias, para o cal se realizan actuacións de información sobre recursos sociais existentes, orientación e asesoramento familiar, apoio psicolóxico, asesoramento en materia de dereitos e acompañamento social.

Ámbito territorial de intervención: Lugo

Enderezo:

Rúa San Roque 71, 1º esquerda

27002 - Lugo

Teléfono: 982 243 316

Páxina web: <http://www.alargalicia.com>



Asociación de axuda á vida AYUVI: Programa “Tú puedes”

O programa “Tú Puedes” está dirixido a prestarlles apoio, atención continuada e formación a mulleres xestantes e/ou lactantes que se atopen en situación de exclusión social co obxectivo de favorecer a súa reinserción social e laboral así como atender as súas necesidades básicas e as dos seus fillos/as.

Ámbito territorial de intervención: Vigo (Pontevedra)

Enderezo:

Rúa Torrecedeira 60 1º B

36202 - Vigo - Pontevedra

Teléfono: 986 252 952

Páxina web: <http://www.ayuvi.net>



Asociación Dignidad Ferrol: Programa “Apoio a xestantes”

O programa de “Apoio a xestantes” xurde co obxectivo de dar resposta á demanda existente de servizos de acompañamento social por parte das mulleres xestantes e/ou lactantes en situación de especial vulnerabilidade. Deste xeito préstanse servizos de información, asesoramento, busca de recursos, apoio psicolóxico, formación en habilidades sociais así como tamén formación en coidados pediátricos básicos, seguemento médico durante a gravidez e o postparto.

Ámbito territorial de intervención: Ferrol (A Coruña)

Enderezo:

Rúa Alegre 39, baixo
15401- Ferrol - A Coruña

Teléfono: 981 358 573

Páxina web: <http://dignidadferrol.com>



Asociación Down Ferrol: Programa “Servizo de atención a xestantes: en igualdade”

O programa “Servizo de atención a xestantes: en igualdade”, baséase en ofrecer apoio ás nais e futuras nais de persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual, en tanto que tras a confirmación inicial da diagnose prenatal deste síndrome ou doutro tipo de discapacidades, precísase un apoio específico e unha información real e fiable sobre o que pode supor ter un fillo/a con discapacidade intelectual e axudar no proceso de toma de decisións. Así mesmo aténdese tamén outro ámbito de actuación como son as relacións familiares e que se ven alteradas pola presenza e coidados requeridos polo bebé, e que pode acabar nun proceso de toma de decisión de non desexar ter máis fillos/as e incluso tamén en procesos de separación ou divorcio. O programa ten catro liñas de actuación que son: asesoramento específico a futuras nais

ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CON PROGRAMAS PARA AS MULLERES XESTANTES EN GALICIA

de bebés con síndrome Down ou outras alteracións xenéticas, apoio específico as nais monoparentais, grupo de planificación familiar para nais e pais e acollida as nais e pais de bebés con síndrome Down.

Ámbito territorial de intervención: Ferrol (A Coruña)

Enderezo:

Rúa Álvaro Cunqueiro, 1 . Entrechán
15403 - Ferrol - A Coruña

Teléfono: 981 322 230

Páxina web: <http://www.down-teima.iespana.es>



ONG Ecos do Sur: Programa “Apoio a nais”

O programa “Apoio a nais” ten como finalidade ofrecer unha rede integral de recursos especializados para mulleres xestantes e/ou lactantes, ofrecendo servizos de información social e xurídico, así como tamén acompañamento social e psicolóxico, orientación e intermediación laboral e formación para a adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal. No caso de que estas mulleres sexan inmigrantes ofrecese unha atención especializada atendendo as diferenzas culturais e lingüísticas fundamentalmente.

Ámbito territorial de intervención: A Coruña

Enderezo:

Rúa Ángel Senra 25-1º
15007 - A Coruña

Teléfono: 981 150 118

Páxina web: <http://www.ecosdosur.org>



ONG Mestura: Programa “NE-NEI-RAS”

O programa “NE-NEI-RAS” configúrase como un programa integral destinado a mulleres xestantes e/ou lactantes e/ou con fillas/os menores de tres anos, que ten como obxectivo xeral xerar recursos integrais para estas mulleres que axuden a mellorar a súa situación. Comprende tres tipos de actuacións: actuacións de capacitación e formación para a mellora do emprego das participantes así como tamén formación ao empresariado co obxectivo de promover a sensibilización ao respecto da igualdade laboral, actuacións de información sobre os recursos dispoñibles facilitadores da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e actuacións dirixidas a mellorar a situación piscoafectiva das mulleres durante e despois da maternidade.

Ámbito territorial de intervención: A Coruña

Enderezo:

R/ Andrés Pan Vieiro 24 – Baixo

15670 Culleredo – A Coruña

Teléfono: 981 977 343

Páxina web: <http://mestura.galiciaaberta.com>

Asociación Rexurdir: Programa “Atención a xestantes”

O programa de “Atención a xestantes” ten como obxectivos promover o desenvolvemento persoal e social das mulleres xestantes e/ou lactantes a través dun programa de actuacións que comprenden un servizo de información e asesoramento, de seguemento, de asesoramento xurídico, de asistencia psicolóxica e un servizo de acompañamento na busca de emprego. Estas actuacións combínanse con obradoiros de habilidades sociais, de habilidades parentais e tamén de autocontrol emocional.

Ámbito territorial de intervención: Marín (Pontevedra)

Enderezo:

Rúa Ezequiel Massoni, nº 52 Baixo

Apdo. Correos 129,

36900 - Marín - Pontevedra

Teléfono: 986 890 770

Páxina web: <http://www.rexurdir.org>

Cáritas Diocesana Santiago de Compostela: Programa “Grávida”

O programa “Grávida” ten como obxectivo que a muller xestante estea acompañada nun momento especialmente crítico, apoiandoa no proceso de toma de decisións e facilitándolle os medios axeitados para que tome a súa decisión dun xeito libre e responsable.

Pretende dar resposta as necesidades de información sobre os recursos existentes para as mulleres xestantes e/ou lactantes, acompañar psicolxicamente a estas mulleres, orientalas e asesoralas na busca de emprego, facilitarlles a adquisición de competencias persoais e sociais adaptadas para a súa inserción laboral e para afrontar a nova situación persoal, así como tamén facilitarlles medidas de apoio urxente. Deste xeito ofrece os servizos de acompañamento socio-sanitario, de atención psicolóxica así como tamén formación afectivo-sexual e educación para a maternidade.

Ámbito territorial de intervención: Santiago de Compostela (A Coruña)

Enderezo:

Rúa Carrera del Conde 14

15706 - Santiago de Compostela - A Coruña

Teléfono: 981 554 433

Páxina web: <http://www.caritas-santiago.org>



Federación Provincial de Mulleres Rurais-FEMURO: Programa “Concilia e emprega”

O programa “Concilia e emprega” está dirixido a mulleres xestantes e/ou lactantes en risco de exclusión social derivada do seu contexto socioeconómico, formativo ou cultural partindo dos cambios que a maternidade supón nomeadamente as novas responsabilidades que conleva e deste xeito, o programa pretende promover actuacións que permitan adquirir os medios e recursos necesarios para participar en pé de igualdade na sociedade, podendo conciliar o dereito á maternidade coa educación, coa formación e coa familia. Á atención a estas mulleres artéllase traballando en dous ámbitos de actuación: por un lado promovendo actividades dirixidas á incorporación das mulleres xestantes e/ou lactantes ao mundo laboral así como a

ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CON PROGRAMAS PARA AS MULLERES XESTANTES EN GALICIA

súa profesionalización, a través de diferentes experiencias formativas de carácter ocupacional ou continuo ofrecendo tamén un servizo de asesoramento e orientación laboral xunto cunha bolsa de emprego, e por outro lado actuacións dirixidas a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Ámbito territorial de intervención: Ourense

Enderezo:

Avd Sousas nº39

32600 - Verín - Ourense

Teléfono: 699 415 810

Enderezo electrónico: femuro@terra.es



Red Madre Coruña:

Programa “Servizo de intervención social para mulleres xestante e/ou lactantes”

O programa “Servizo de intervención social para mulleres xestantes e/ou lactantes” ten como obxectivo apoiar e asesorar a estas mulleres, a través de tres tipos de actuacións como son: actuacións dirixidas a prestar apoio social e psicolóxico, a atender situacións de emerxencia social e actuacións de voluntariado dirixidas a prestarlle acompañamento a estas mulleres que lles axude a superar as cargas emocionais que pode supoñer o embarazo.

Ámbito territorial de intervención: A Coruña

Enderezo:

Rúa Antonio Ríos, 80 bis, local 3

15009 A Coruña

Teléfono: 981 904 080

Páxina web: <http://www.redmadregalicia.org>



Red Madre Ourense: Programa “Nais”

O programa “Nais” ten como obxectivos proporcionarlle apoio ás mulleres xestantes nos ámbitos que se requira segundo as súas circunstancias, e acadar a autonomía destas mulleres mediante o acceso a un posto de traballo axeitado as súas condicións, favorecendo a igualdade de oportunidades e a conciliación familiar-laboral. Para cada muller elabórase un proxecto psico-social individualizado e proporciónaselle un mapa de axudas, acompáñase na xestión e busca de recursos, ofrécese atención xinecolóxica e de prevención de embarazos, apoio psicolóxico, atención xurídica, acompañamento ao longo do embarazo, parto e lactancia e axuda material de carácter básico.

Outros servizos de interese que ofrecen a través do programa son actividades formativas que faciliten o acceso ao mercado laboral, e en determinados casos, a entidade actúa como avalista para a concesión de microcréditos a aquelas mulleres que pola súa cualificación poidan ter como saída laboral o autoemprego.

Ámbito territorial de intervención: Ourense

Teléfono: 651 070 330

Enderezo electrónico: ourense@redmadre.es

Páxina web: <http://www.redmadregalicia.org>

Red Madre Pontevedra:

Programa “Atención psicosocial a xestantes e lactantes”

O programa de “Atención psicosocial a xestantes e lactantes” ten como obxectivo apoiar os dereitos das mulleres que queren ser nais, a través de dous tipos de accións fundamentalmente: as de información e orientación sobre os recursos dispoñibles para atender a súa situación tanto a través dun servizo de atención telefónica permanente como nas oficinas de atención ás mulleres xestantes da entidade, así como accións de apoio emocional e asistencia personalizada tanto médica como psicolóxica e legal. Ademais prestase un servizo específico de apoio psicolóxico ás mulleres que sofren as consecuencias dun aborto espontáneo ou inducido, ou a morte da/o filla/o nos primeiros meses de vida.

ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO CON PROGRAMAS PARA AS MULLERES XESTANTES EN GALICIA

Ámbito territorial de intervención: Pontevedra e Vigo

Enderezo:

Red Madre Pontevedra

Rúa Michelena Nº 1, 4º K

36002 - Pontevedra

Teléfono: 986 192 432

Red Madre Vigo

Gran Vía, 2, 1º. Oficina 4

36203 - Vigo - Pontevedra

Teléfono: 659 772 373

Páxina web: <http://www.redmadregalicia.org>



HH. TT. FF. Rebaño de María: Programa “Sí a la vida”

O programa “Sí a la vida” desenvólvese no casa de acollida da que dispón a congregación onde se acolle a nais solteiras e/ou mulleres xestantes que non contan co apoio da familia, prestando o apoio necesario a todas aquelas mulleres ás que o seu embarazo lles supoña unha situación grave de dificultades familiares, sociais, económicas e/ou de marxinación. No centro acóllese en réxime residencial durante as 24 horas do día tanto a mulleres que se atopen en estado de xestación como a nais con fillos/as menores de tres anos ao seu cargo. O proceso que se desenvolve unha vez que se incorpora ao centro comenza por unha intervención socioeducativa co obxectivo de favorecer o seu desenvolvemento integral analizando de xeito específico as particularidades de cada muller, e combínase coas actividades que se realizan para que estas mulleres se integren tanto na vida diaria do centro como para a súa integración na sociedade unha vez rematen a súa estadía.

Ámbito territorial de intervención: Lugo

Enderezo:

Rúa Músico de Falla, 16

Lugo

Teléfono: 982 225 370

Páxina web: <http://www.rmaria.org/>



Betanía de Jesús el Nazareno: Programas “Tú puedes” e “Acompáñame”

Ambos programas están dirixidos a atender a mulleres xestantes e/ou lactantes con fillas/os menores que se atopan en risco de exclusión ou marxinación social sen recursos económicos e cunha débil rede de apoio, e identifican dúas etapas no proceso de traballo con estas mulleres, así o programa “Tu puedes” é o punto de partida xa que engloba as actividades que se desenvolven con estas mulleres na vida diaria da casa de acollida onde se aloxan e coa finalidade que teñan cubertas as súas necesidades básicas así como tamén ofrecerlles unha rede de apoio, mentras que o programa “Acompáñame” está dirixido a aquelas mulleres que xa non están aloxadas na casa de acollida e consiste nun servizo de seguimento e acompañamento a estas mulleres co obxectivo de que axudalas a normalizar a súa vida diaria e sempre co obxectivo básico de evitar situacións de soedade.

Ámbito territorial de intervención: A Coruña

Teléfono: 981 235 515

Congregación relixiosa Siervas de la Pasión - Hogar Santa Isabel: Programa “Centro de atención a xestantes”

O programa desenvólvese no centro Hogar Santa Isabel, tendo como obxectivo principal acoller a mozas xestantes ou as que xa son nais de nenos/as menores de dous anos, e tratar de posibilitarlles ferramentas que lles permitan tomar conciencia da súa situación ao tempo que lles permita descubrir os recursos psicosociais e familiares dispoñibles para afrontar de forma autónoma e eficaz a súa situación. Deste xeito ofrécese un servizo de información, orientación, asesoramento e axuda, e así mesmo deséñase un proxecto individual de inserción sociolaboral titorizado. Así mesmo o centro dispón dun servizo de gardería para os fillos/as das usuarias a través da escola infantil que xestiona.

Ámbito territorial de intervención: Vigo (Pontevedra)

Enderezo:

Hogar Santa Isabel

Avda. Dr. Corbal, nº 33

36207 - Vigo - Pontevedra

Teléfono: 986 376 427

Páxina web: http://www.pasionistas.net/Siervas_Pasion/default.htm



Congregación Hijas del Divino Celo: Programa “Centro de acogida para mulleres e os seus fillos/as”

No centro de acogida desenvólvese un programa de acollemento temporal orientado a garantir a cobertura das necesidades básicas de aloxamento e manutención tanto das mulleres que se atopen en risco de exclusión social así como dos seus fillos/as menores. A asistencia cubre un tempo máximo de seis meses e durante ese tempo de acogida realízase un proxecto individualizado de intervención dirixido a apoiar o proceso de integración social das usuarias e dos seus fillos e fillas. O traballo que se realiza baseáse nunha intervención participativa e coordinada tanto dos/as profesionais do propio centro como doutras entidades.

Ámbito territorial de intervención: Lugo

Teléfono: 982 585 229

Enderezo electrónico: burela@hijasdivinocelo.com

Páxina web: <http://www.hijasdivinocelo.com>

RESIDENCIAS DE TEMPO LIBRE



Que son?

Son complexos residenciais destinados ao gozo do ocio e do lecer das familias, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, situados en Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense), que se poñen a disposición da poboación para o goce de estadias no período estival (xullo, agosto e primeira quincena de setembro). A seguinte táboa recolle o número de prazas en cada unha das residencias:

	O Carballiño	Panxón
Individual	15	-
Dobres	50	40
Triplas	-	35
Cuádruplas	12	5



Función

Ofértanse dous tipos de servizos:

- Servizos de residencia: aloxamento e manutención en réxime de pensión completa.
- Servizos para non residentes: servizo de comedor para familiares e amizades das persoas residentes.



Quen se pode beneficiar?

A adxudicación das estadías na tempada estival regúlase mediante orde de carácter anual, podendo ser solicitada por:

- As persoas maiores de idade, ou menores acompañados dos seus proxenitores ou titores legais, que teñan a súa residencia en territorio do Estado español.
- As galegas e galegos residentes no exterior.



Contía

Mes	Quenda	Tempada	Prezo/persoa/día
Xullo	Do 1 ao 10 Do 12 ao 20 Do 22 ao 30	Alta	36 euros
Agosto	Do 1 ao 10 Do 12 ao 20 Do 22 ao 30	Alta	36 euros
Setembro	Do 1 ao 10	Alta	36 euros

As estadías inferiores a 7 días levarán unha recarga dun 25% por persoa e día, tendo preferencia na adxudicacións as solicitudes superiores ás devanditas estadías.

As familias que non residan na Comunidade Autónoma de Galicia e desexen pasar a noite na residencia a noite anterior ao comezo da súa estadía, deberán aboar a cantidade de 15 €/cuarto debendo comunicarllo á residencia con suficiente antelación.



Como solicitalas?

Publicada a orde anual de convocatoria de adxudicación das estadías no DOG, as solicitudes remitiranse ás xefaturas territoriais correspondentes e a adxudicación das prazas efectuarase por sorteo de datas, que será público e terá lugar ante o/a xefe/a territorial da Consellería de Traballo e Benestar correspondente á localidade en que están situadas as residencias:

- **Solicitudes de estadías na residencia de tempo libre de Panxón:**

Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Vigo (rúa Concepción Arenal nº 8, 36201 Vigo).

- **Solicitudes de estadías na residencia de tempo libre do Carballiño:**

Rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar en Ourense (avda. da Habana nº 79, 32004 Ourense).



Atención e asesoramento

Ligazón a [información sobre as residencias de tempo libre](#).

RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DO CARBALLIÑO

Zona do Parque, s/n

32500 O Carballiño (Ourense)

Tel.: 988 270 200

Correo electrónico: rtlcarballino@xunta.es

RESIDENCIA TEMPO LIBRE DE PANXÓN

Rúa Cansadoura, 2

36340 Nigrán (Pontevedra)

Tel.: 986 365 125

Correo electrónico: rtlpanxon@xunta.es

Ligazón á [solicitud telemática de estadia en residencias de tempo libre](#).

PROGRAMA DE ESTADÍAS DE TEMPO LIBRE PARA MULLERES SOAS CON RESPONSABILIDADES FAMILIARES NON COMPARTIDAS



Que é?

O programa consiste en estadías gratuitas que teñen como finalidade facilitarlles ás mulleres que teñan fillas/os menores exclusivamente ao seu cargo, un espazo e un tempo desligado da súa situación habitual e no cal poidan intercambiar experiencias a través da convivencia nun espazo de lecer.



Que requisitos se deben cumprir?

As mulleres que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter fillas e/ou fillos exclusivamente ao seu cargo con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, ambos inclusive, na data de presentación da solicitude.
- Estar domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia e no caso de mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia ou tarxeta de réxime comunitario, segundo o caso.
- Dispoñer dunha renda mensual que, tendo en conta todos os ingresos do conxunto da unidade familiar, dividida polo número de membros que a compoñen, non supere o salario mínimo interprofesional (SMI).
- Non padecer ela, nin as fillas e/ou fillos que a acompañen, unha enfermidade que requira illamento e/ou que impida a normal convivencia.

**PROGRAMA DE ESTADÍAS DE TEMPO LIBRE PARA MULLERES SOAS
CON RESPONSABILIDADES FAMILIARES NON COMPARTIDAS****Duración**

As estadías serán de entre sete e dez días en réxime de pensión completa, preferentemente entre finais do mes de xuño e principios do mes de xullo.

Os gastos de aloxamento, manutención, monitorado e transporte desde o seu concello de orixe serán gratuí-tos para as persoas beneficiarias.

**Atención e asesoramento**

Secretaría Xeral da Igualdade

<http://mulleresengalicia.es>



Tel.: 981 957 699

PROGRAMA ALUGA



Que é?

Trátase dun programa dirixido a favorecer o mercado de aluguer de vivendas en Galicia e configúrase como unha medida de mercado carácter social facilitando o acceso a unha vivenda aos sectores da poboación cun baixo nivel de ingresos.



Que requisitos se deben cumprir?

Para acceder aos beneficios do Programa Aluga os solicitantes deberán cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

- Estar inscritos ou anotados no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda.
- Ingresos anuais ponderados entre 0,7 e 3,5 veces o IPREM. O límite mínimo de ingresos (0,7 veces o IPREM) non será preciso acreditarlo no caso de colectivos cualificados.
- Non ser titulares de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre algunha vivenda.
- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias.
- Residir ou desenvolver a súa actividade laboral nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non estar recibindo axudas para o alugueiro da Xunta de Galicia. Non poderán acceder ás axudas do Programa Aluga os que xa recibiran axudas para o alugueiro durante cinco anos, excepto cando xa transcorreran dous anos dende a última mensualidade subvencionada.

No proceso de selección de inquilinos para as vivendas incorporadas ao Programa Aluga terán preferencia as unidades familiares ou de convivencia con ingresos que non superen 2,5 veces o IPREM e os seguintes colectivos:

Os colectivos prioritarios:

- Familias numerosas.
- Familias monoparentais con fillos/as.
- Menores de 35 anos e maiores de 65
- Persoas separadas ou divorciadas, ao corrente no pagamento de pensións alimenticias e compensatorias, no seu caso.
- Os considerados “colectivos cualificados” que se definen a continuación.

Os colectivos cualificados son as unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados inferiores a 0,7 veces o IPREM que pertencen a algún dos seguintes grupos:

- Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida, e as familias que as teñan ao seu cargo.
- Emigrantes retornados, nos dous anos anteriores a presentación da solicitude.
- Perceptores da Renda de Integración Social (RISGA).
- Perceptores de pensións.



Cales son os límites de renda para acceder ao programa Aluga?

Para adecuar o prezo da renda aos ingresos e asegurar un certo grado de solvencia, establécense os seguintes límites de renda segundo tramos de ingresos dos inquilinos:

PREZO MÁXIMO DO ALUGUEIRO (euros por mes)	INGRESOS MÁXIMOS DOS BENEFICIARIOS (veces o IPREM)
400	Ata 1,5
550	Máis de 1,5 ata 2,5
600	Máis de 2,5 ata 3,5



Atención e asesoramento

Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)

<http://igvs.xunta.es>

Santiago de Compostela

Área Central s/n, Pranta 1ª, Local 32-A

Tlf. 981 - 56 85 08

Fax 981 56 85 10

A Coruña

Plaza Luís Seoane s/n

Edificio de servizos múltiples 9ª planta

Tlf. 881 88 12 58

Ferrol

Praza Camilo José Cela, s/n - 15403 Ferrol

Tlf. 981 33 71 66

Vigo

Praza da Estrela , Torre 2, 1º andar

Tlf. 986 81 75 77

Pontevedra

r/ Alcalde Hevia, nº 7 baixo

Tlf. 986 80 52 84

Lugo

Avda. Ramón Ferreiro nº 28 27002

Tlf. 982 29 46 01

Ourense

Rúa José Ángel Valente, 2 - 32003 Ourense

Tlf. 988 51 15 74

Ligazón ao [funcionamento xeral do programa Aluga](#).



Para máis información podes consultar
a guía completa no seguinte enlace:
<http://igualdade.xunta.es>

Teléfono de información ás mulleres:
900 400 273